

En Marea
pide devolver
os orzamentos
de 2017



Páxina 5

Plan de
dinamización
comercial en
Ponteareas



Páxina 9

Moción de
confianza
na Coruña



Páxina 8

Museo dos
Fachóns e
Irrio en
Castro Caldelas



Páxina 6

Procuran
facilitar o
emprego
entre Galicia e
o norte portugués



Páxina 16



Xantar presentouse en Fitur

A 18ª edición de Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, foi presentada en FITUR nun acto ao que acudiron representantes públicos e privados de España e de Portugal, de Panamá (país convidado nesta edición), tamén de México e Arxentina que xa participaron como convidados e que quixeron seguir vinculados ao proxecto. Interveu a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, quen destacou o valor de Xantar como “o mellor escaparate do enorme potencial de Galicia como destino enogastronómico” e sinalou o “carácter desestacionalizador da gastronomía na oferta turística galega”. O subdirector deTURESPAÑA, Rafael Chamarro, indicou que “España recibiu 75 millóns de turistas o pasado ano. Creceron o número pero tamén a rendibili-

dade. Buscamos un turista cada vez máis rendible e que faga maior investimento, e ese é o gastronómico”. En representación de Portugal acudiron directivos da Entidade de Turismo Porto e Norte e de Turismo dos Azoires. Representando ao país invitado, interveu a embaixadora de Panamá en España, María das Mercés da Garda, que convidou a descubrir en Xantar a “gastronomía fusión” deste país. O director do salón, Alejandro Rubín, quen definiu a participación nesta cita, do 1 ao 5 de marzo en Expourense, como “unha experiencia enogastronómica que permite percorrer o mundo ampliando cada ano novos destinos internacionais”. Rubín destacou a cooperación público-privada como parte do éxito de Xantar. / Páxs. 10 e 11

SEÑORIO DE RUBIOS

Unha historia, unha terra, un sentimento.
Tintos Señorío de Rubiós e Manuel D'Amaro,
DESCÚBREOS!

Bouza do rato s/n 36449 Rubiós As Neves, Pontevedra, Galicia
986 667 212 info@srubios.com
www.srubios.com

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Respectarmos as garantías democráticas

Nunha democracia a loita contra o crime, a loita contra o terrorismo, está suxeita a regras, ha respectar as garantías democráticas. As democracias non poden usar do maltrato físico nin psicolóxico aos detidos e presos. Os detidos e presos seguen a ter dereitos e compre sexan tratados co respecto debido á súa dignidade de persoas. ISIS gaña cando renunciámos á liberdade por unha hipotética seguraza.

A cidadá colombiana residente en Ourense Nibia Cano botou 45 días no cárcere, incomunicada, por unha feble acusación da Fiscalía colombiana que lle deu veracidade ás acusacións dun coñecido sobre a súa suposta pertenza á organización terrorista ELN. Era unha persoa absolutamente integrada en Ourense dende hai máis de dez anos. Que necesidade había de que fose presa preventivamente? E a desproporcionalidade da incomunicación? Unha volta máis ese Tribunal de excepción, emenda á totalidade ao dereito de todos ao xuíz predeterminado pola Lei, chamado "Audiencia Nacional" non respectou a restritiva doutrina constitucional da prisión preventiva.

Hai semanas foron dous cidadáns alxerinos, detidos en Arteixo e Vimianzo cun grande despregamento de medios e publicidade, acusados de seren yihadistas. Todo ficou en auga de bacallau. Serveu,

Certas operacións só serven para criminalizar todos os musulmáns

iso si, para criminalizar ao conxunto dos musulmáns. Como tamén semella feble a acusación a nove activistas de Causa Galiza, partido que chegou ser suspendido no 2016 nas súas actividades, malia que a "Audiencia Nacional" voltou autorizalas.

En todos estes supostos a loita contra o terrorismo deu abeiro a actuacións desproporcionadas, acusacións inxustas e maltrato psicolóxico ás persoas. En todos estes supostos, a orixe das acusacións e ordes foron os Xulgados Centrais de Instrución da Audiencia Nacional. Non por acaso continuadora, fixo o día 4 40 anos, do Tribunal de Orde Pública franquista.

En democracia non todo é lícito na loita contra o terrorismo. Os prendementos han ser proporcionados e baseados nunha acusación mínimamente solvente. Quere-mos un Estado de dereito no que se cumpran as regras de xogo, non un Estado policial.



Cronista Oficial de Ourense

Dende que finou Anselmo López Morais, vello e benquerido amigo, a cidade de Ourense non ten Cronista Oficial. Eu coido que é necesario que exista. Que vaia rexistrando nun libro o acontecer cotián. Gábome de ser quen propuxo, logo do pasamento de don Vicente Risco, a don Ramón Otero Pedrayo como Cronista Oficial da cidade. Presentei no Concello unha moción no noso idioma (coido que a única en galego durante a dictadura), a favor do mestre de Trasalba. Foi aprobada por unanimidade.

Naquil intre había un grupo de intelectuais que promocionaban pra o posto a don Eduardo Blanco Amor, tamén, como don Ramón, bo amigo meu. Mais eu considerei que o noso mestre de Trasalba (cando falaba, toda Galicia púñase a escoitar), era o máis indicado, e decanteime por él. E lembro que fumos, o daquela alcalde David Ferrer Garrido e mais eu, á súa casa na rúa da Paz a entregarlle o acordo do pleno. Don Ramón, co que me unía unha boa amizade dende xa había tempo ("Eu son liberal e o Rego é Carlista", dixera nunha homenaxe que me tributou o Orfeón Unión Orensana), díxonos, mentres dona Fita, a súa dona, nos servía como sempre facía unhas copas de Oporto: "Esquéncense vostedes de me traer unha pluma de ave pra escribir de cotío".

Agora levamos anos e máis anos nos

Gábome de ser quen propuxo a don Ramón Otero Pedrayo como Cronista Oficial da cidade

Naquil intre había un grupo de intelectuais que promocionaban pra o posto a don Eduardo Blanco Amor

que as diferentes corporacións municipais teñen vacante o posto de Cronista. ¿A qué agardan? Pois sinxelamente non o sei, amabeis lectores.



Por Rafael José Adalid Rguez.

Son innumerables os estudos e investigacións producidos sobre o patrimonio dos pobos dende a súa amplitude. Cando nos referimos ó patrimonio material, sempre se nos vén á mente diversas infraestruturas creadas ó longo da historia: Coliseo romano, Termas de Caracalla, restos prehistóricos varios, etc. Ó tratar o patrimonio cultural inmaterial, recordamos calquera dos cinco compoñentes que a Unesco estableceu dentro deste apartado. Se ben, ó referímonos á culinaria e o herdado entorno a esta, deberíase pór máis en valor ese coñecemento de cara á poboación.

Non cómpre imaxinarse que, no final dos capítulos de Astérix e Obélix cando se producía ese xantar, a inmaterialidade transmitida sería inmensa. Edadepiédrix rememorando os seus contos pasados, Asurancetúrix (o bardo) entoando cancións populares mentres o resto bailaban, e se observaba os xabaríns que Obélix traía na gran mesa onde



todos comían. Incluso durante eses capítulos se observaban certas crenzas e supersticións, representada por Abraracúrcix e o medo a que o ceo caera por riba súa.

Se ben os celtas, non se caracterizaban só por comer eses xabaríns (caza), os alimentos tamén proviñan da agricultura, gandería ou da pesca. Onde tamén proliferaban xa a elaboración dos seus alimentos.

Que maxestosos xantares coñecemos procedentes desta civilización? O principal prato que non debe faltar na mesa é o pan, concretamente elaboraban o pan de belota, aínda que nos sone amargo, non dubido do seu bo sabor. Pois mantívose como prato durante anos, incluso era común á cociña de outros pobos.

Outro produto que os galegos coñecemos bastante ben, estando presente aínda hoxe en día por riba do noso mantel é o caldo, de gran sona e fama para a xente fóra do noso territorio. Cantos de nós lembramos ese fermoso pote negro co que os nosos avós e avoas o fervían? Pote, equi-

Patrimonio e cociña celta

Moitas nacións e rexións herdeiras dos celtas, seguen mantendo esa cultura celta daquela cociña en parte non perdida

parable en parte co de Panorámix que empregaba para facer as súas pocións. Aínda que variara a receita deste prato co paso dos anos, a súa base segue estando presente, véndose unicamente modificada a castaña pola entrada da pataca. Se ben, claro está, cada quen elabora actualmentemente como lle parece.

Seguindo esta reseña a entrada da pa-

taca, provocaría unha variación en diversos pratos da súa forma tradicional, en moitas destas receitas obsérvase como este tubérculo incorporouse en diversas comidas, moitas veces como simple acompañante de tan exquisitos bocados.

Quizais puideran ter unhas comidas moi nutritivas e equilibradas, pois por dicilo dunha maneira coloquial... "comían de todo" e "do que había" ou mellor dito, que producía a nai natureza. Non nos podemos esquecer das mazás como alimento importante da súa dieta. Nin dos acompañamentos como as bebidas (cervexa, auga, hidromel...) presentes nas súas cuncas de barro.

Moitas nacións e rexións herdeiras dos celtas, seguen mantendo esa cultura celta daquela cociña en parte non perdida, aínda que segundo máis transcorre o devir do tempo, esa tradición culinaria auténtica pasa para o esquecemento da poboación, ficando relegada a un segundo plano ante as novas combinacións de produtos e a introdución de outros.

Por: Guillermo Rodríguez

Director

Cara a onde nos levan? Quen o sabe?

Para iso naceu POLÉTICA (política + ética), que se encarga de facer un seguimento dos programas políticos dos partidos e do seu grado de cumprimento.

Ata fai pouco tempo tiñamos asumido que a democracia estaba segura só coa actuación dos partidos políticos. Os cidadáns limitábanse a votar cada catro anos. A recente crise económica, que aínda non nos deixou, abriu unha brecha estre gobernantes e gobernados. Xa non nos fiamos de ningún.

Xa en 2011 (15M) centos de miles de persoas en todo o Estado saíron á rúa berando ¡¡ xa non nos representan!! Algo se tiña roto. Un grito político de indignación tanto nas rúas como nas redes sociais reivindicando outra maneira de facer política. Neste catro anos o panorama político e social ten evolucionado tanto que provocou un novo contexto electoral nunca visto na nosa fráxil democracia coa irrupción de novas forzas políticas empurradas por a participación máis activa de diversas plataformas cidadáns que tratan de facer visibles os temas que lles importan.



■ León

Os partidos clásicos, os que se atopaban tranquilos co seu estatus, decatáronse de que a cousa ía en serio. Lentamente, sen presa pero sen pausa, están repasando as súas relacións cos seus votantes. Hai que facer cambios, non queda outra saída.

A carón das promesas electorais escritas nos papeis están as promesas públicas feitas polos candidatos. Hoxe temos a obriga de vixiar o cumprimento de ámbalas dúas cousas. Para iso nace POLÉTICA. Unha ferramenta dixital de vixianza e de presión cidadá para que os partidos poñan ás persoas no centro das súas propostas políticas. Fai un seguimento exhaustivo de todo o que escriben, todo o que din os partidos que van facer, para esixirlles o seu cumprimento.

Polética é a unión de máis de 500 organizacións e movementos sociais, agrupados en redes e plataformas, que vixían e presionan aos partidos políticos para que incorporen aos seus programas de goberno propostas concretas para loitar contra a pobreza, contra as desigualdades e para mellorar a calidade democrática do país.

Nestes momentos asistimos a novos



partos políticos. Os chamados socialistas andan a procura do seu Moisés que os leve a terra prometida; Cidadáns están subindo ao seu líder á padiola que o levará por todo o Estado para ser unxido tribuno máximo; Podemos aínda non sabe que quere ser de maior. Están discutindo se crear un novo césar ou se adaptarse aos novos tempos que piden direccións colexiadas. O PP teno claro. Cos socialistas collidos polos “hoeufs” xa só lles queda esperar, coma o chino, que pasen os cadavres dos seus enemigos, cara a onde?

Temos que estar vixiantes. Xogámonos o futuro das próximas xeracións. As correntes oceanográficas do Golfo de México que dulcificaban o noso clima están enfurecidas. Un deus Eolo, tolo, está removendo os instintos máis primarios facendo demagogia perigosa. Reforcemos a POÉTICA para meter en cintura a todos os que ousen desviarse do camiño correcto. Xa non somos afiliados obedientes; somos cidadáns cabreados.

Por Carlos Méixome

Nos estadios de fútbol, o xogo colectivo por excelencia, maniféstase, coa intensidade emotiva e o feedback entre xogadores e espectadores, iso que denominamos, dun xeito xenérico, identidades. Algúns psicólogos sociais teñen empregado o termo “vínculos primordiais”, mais a expresión semella confusa en exceso, e insuficiente, para explicar todo o fenómeno do nacionalismo.

Hai pouco máis de dous anos publicouse en castelán a vella obra (1995) do profesor de psicoloxía social na universidade inglesa de Loughborough, Michael Billing, Nacionalismo banal (Capitán Swing, 2014). O autor emprega esta expresión para “referímonos aos hábitos ideolóxicos que permiten reproducirse ás nacións en Occidente” e aclara “banal non significa que sexa benigno”, reelaborando a frase de Hannah Arendt de quen toma o adxectivo: “banalidade non é sinónimo de inocuidade” (Eichman en Jerusalén, Debolsillo, 1999).

A obra de Billing achéganos a visión de que o termo “nacionalismo” non é aplicable en exclusiva aos movementos de liberación anticolonial, aos centrífugos subestatais ou aos de afirmación extrema dos estados, senón que: “Lonxe de ser un estado de ánimo intermitente, nas nacións consolidadas o nacionalismo é unha condición endémica.”

Este xogo de contraposición das identidades vivina esoutro día



en Balaídos coa gloriosa, heroica, sacrificada, sufrida, merecida, valorosa, xa era hora... vitoria do Celta sobre o fracasado, minguido, limitado, incapaz, frustrante, desbaratado, inconsistente... Real Madrid. Mais esa contraposición non é entre iguais senón entre identidades desiguais. Por iso, a feble sofre e vence heroicamente, mentres para a dominante é unha terrible humillación, un enorme fracaso que lle impide o “triple” e ameaza con xerar un estado de frustración nacional como ficou demostrado nas cadeas de tv “nacionais”, a nosa é a “telegaita”, ao encetar as novas deportivas, ou o que é o mesmo futeboleiras, non coa noticia: a vitoria do Celta; senón coa desgraza que para o españolismo banal supón a eliminación do Real Madrid.

Esta tensión simbólica estourou de forma banal, aínda que non inocua, cando uns seguidores do equipo madrileño, isto é, español, enarboraron unhas bandeira desta nación enfrontándoa ao mar de bandeiras azuis e brancas que ateigaban as gradas. Pretendo chamar a atención nestas liñas sobre a autosuficiencia de quen, seguro, nunca se autocualificaría como nacionalista, simplemente porque non lle fai falta, xa que: “nas nacións consolidadas, a nacionalidade “enarbórase” ou lémbrese de xeito continuo”. (Billing).

Encetei polo fútbol mais o que en ver-

dade excitou a miña reflexión foi o incomforto, o malestar, enfado, anoxo, rabexo, cabreo, desprezo... que sentiron os creadores de opinión e os medios de manipulación de masas do españolismo banal coa ofensa que para a lingua de Cervantes seica supón que o novo gabinete de Trump ademais de non contar con ningún hispano entre os seus membros, eliminase o botón que permitía acceder á web da Casa Branca en español, fechase as contas neste idioma nas RRSS e mesmo despedise o portavoz de

prensa en español.

Non vou ser eu quen aplauda a decisión de Trump, sobre todo porque o tomo moi en serio e non quero caer no erro da prensa norteamericana, e europea, dos anos trinta do pasado século que consideraban a Mussolini un italiano un chisco rudo, vían en Hitler un simple exceso de dramatismo wagneriano ou coidaban que Franco era un mal necesario para a mentalidade española, hostil á democracia e incapaz de autogobernarse. E engadían que cando tivesen que gobernar xa se decatían de que tiñan que facer as cousas, non como pensaban, senón como puidesen. O mesmo argumento escóitase agora en referencia a Trump, agardando que non sei que realidade se impoña a tan histriónico persoeiro. Non vaia ser que a agarda sexa tan desastrosa como a política de “appeasement” de Chamberlain con Hitler.

É sinxelo, lembro isto para rirme de moito papaleisón cosmopaleto que fala da utilidade do español por ser a segunda lingua, en número de falantes, dos EE. UU., cando, na verdade, alí ocupa o papel de lingua B, igualiño que o galego, durante séculos, na súa propia terra. Tamén para anotar outra de cinismo, na web do “gobierno de España” tes botón con entrada a galego, vasco e catalán, pero non hai nada. Ora, en inglés está ata a última “rajoinada”.



■ Marilena Nardi

Convenio para asentamento de novos proxectos que xeren riqueza e emprego en Santiago

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, asinaron un acordo co alcalde de Santiago, Martiño Noriega, o reitor da Universidade de Santiago (USC), Juan Viaño, os presidentes da Asociación Área Empresarial do Tambre, Jesús J. Chenel, e da Cámara Oficial de Comercio, Jesús Asorey, para acadar a promoción e captación de investimentos e o asentamento de novos proxectos empresariais que xeren riqueza e emprego en Compostela e na comunidade. Vázquez Mourelle explicou que o seu departamento continuará a traballar para poñer á disposición das empresas solo en condicións vantaxosas, como as que se ofrecen no parque industrial da Sionlla, con bonificacións do 30% no prezo do solo empresarial. Concretou que esta medida ten permitido que, nos dous últimos anos, se venderan preto de 70.000 metros de solo empresarial a prezos bonificados, máis de 43.000 destes metros no pasado ano 2016. A titular de Infraestruturas tamén indicou que a Xunta seguirá a potenciar a oferta de solo en dereito de superficie –semellante a un alugueiro simbólico con dereito a compra-, que no caso do parque da Sionlla está ligado a sectores singulares, estratéxicos e preferentes para Santiago: a biotecnoloxía e da construción e rehabilitación sostible, polo tanto, todo o relacionado coas ciencias da saúde e coa transformación da madeira.



■ Os asinantes do convenio na sede empresarial do Tambre

Variante

Cómpre lembrar que o Goberno galego tamén está a traballar para dotar á zona norte de Santiago de infraestruturas axeitadas que contribúan ao desenvolvemento económico e social de Compostela. Neste contexto, cobra unha importancia estratéxica a variante de Aradas, que a Xunta vén de licitar hai unhas semanas e cuxa execución se iniciará a mediados deste ano. Esta estrada de 1,6 km, que suporá un investimento de 6,9 millóns de euros, actuará de variante de toda a zona norte da cidade, canalizando os tráfico procedentes de Portomouro, Santa Comba, Val do Dubra, Carballo e Trazo; mello-

rá as conexións da zona empresarial; e retirará das rúas da cidade, na zona de Vite e Vista Alegre, máis de 3.000 vehículos diarios, a metade deles pesados. Ethel Vázquez subliñou a importancia deste tipo de actuacións que o Executivo autonómico está a impulsar para lograr a dinamización económica e o crecemento da comunidade. Así, precisou que este convenio pretende xuntar os esforzos das distintas administracións e organismos privados e aproveitar sinerxías para promover o asentamento e consolidación de empresas neste polo industrial que xa é Santiago de Compostela, contribuíndo, entre todos e desde a capital de Gali-

cia, ao desenvolvemento económico e social da cidade e de toda a comunidade.

Asentamento

O conselleiro destacou que este convenio permitirá desenvolver actuacións que faciliten a planificación de novas iniciativas e infraestruturas que contribúan ao asentamento de empresas e á captación de investimentos, o que significa unha "oportunidade para seguir fixando tecido industrial en Santiago e favorecer o seu proceso de modernización". O conselleiro indicou que o acordo se enmarca tamén na aposta da Xunta pola Industria 4.0, a inno-

vación e a internacionalización das empresas galegas. Neste sentido, dixo que en Santiago existen dous sectores emerxentes para fixar tecido empresarial e crear emprego de calidade: a biotecnoloxía e a industria da madeira, para a que lembrou a posta en marcha da Axencia da Industria Forestal de Galicia. Este acordo completa o traballo que está a realizar a Xunta para impulsar os parques empresariais, como o plan de axudas ás infraestruturas dos polígonos industriais por parte da Consellería de Economía que investiu entre 2013 e 2016 ao redor de 6,5 millóns de euros no desenvolvemento de máis de 90 actuacións na provincia da Coruña.

A alcaldía de Santiago está moi satisfeita coa boa acollida da proposta para darlle ao aeroporto o nome de Rosalía de Castro

Conta cos apoios do Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega ou a Fundación Rosalía de Castro

O alcalde mostrou o pasado 23 de xaneiro o seu agradecemento a todas as entidades que están expresando o seu apoio á proposta para que o aeroporto de Santiago leve o nome de Rosalía de Castro, dende a aprobación dunha declaración institucional

ao respecto no Pleno da Corporación do pasado xoves. Martiño Noriega explicou que o Concello daralle traslado do acordo ao Ministerio de Fomento e a AENA, de quen depende o cambio de denominación.

O rexedor recordou que a proposta vén sumando os apoios

do Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega ou a Fundación Rosalía de Castro; e tamén parece contar co consenso de todos os grupos do Parlamento Galego. Martiño Noriega sinalou que mesmo o conselleiro de Educación e Cultura, Román Rodríguez, expre-

sou o seu respaldo á iniciativa, nunha recente reunión que mantiveron ambos.

Para o alcalde, "ten unha enorme carga simbólica que o aeroporto de Santiago reciba o nome de Rosalía de Castro, unha escritora universal que só xera consensos". Ademais, Martiño

Noriega restoulle importancia ao prazo no que se poida tramitar o cambio de denominación, se ben recoñeceu que sería desexable que fora antes do 24 de febreiro, Día de Rosalía, e nun ano no que ademais se conmemora o 180 aniversario do nacemento da escritora.

En Marea solicita a devolución dos Orzamentos para 2017 cunha proposta alternativa centrada en blindar os dereitos sociais da cidadanía

Villares: “Todo baixa nos orzamentos, agás a débeda pública e as reservas de Vega Sicila na adega de Feijóo”

En Marea explicou hoxe o seu posicionamento sobre os Orzamentos da Xunta para 2017 nun debate plenario que cualificou de “puramente propagandístico” pois o PP rexeitou todas as emendas da oposición a unhas contas que persiten na destrución do Estado social, recortando en máis do 50% partidas coma as axudas do Plan Aluga ou as do tiquet eléctrico, destinadas a paliar os efectos da crise nas capas sociais máis desfavorecidas.

“Todo baixa nestes orzamentos, agás a débeda pública e as reservas de Vega Sicilia na adega de Feijóo”, dixo Luís Villares na Cámara galega.

“Temos o mesmo PIB que 2009, pero 110.000 asalariados menos. En Galicia somos máis pobres dende que Feijóo chegou á Xunta e temos a peor evolución do emprego de todo o territorio estatal”, denunciou Luís Villares na intervención na que motivou a emenda á totalidade ó texto orzamentario presentada por En Marea. O voceiro do grupo parlamentario En Marea cualificou de inaceptable que “os que infrinxiron dor innecesaria con consecuencias sanitarias graves, os responsables de denegar os medicamentos aos enfermos da hepatitis C témolos sentados hoxe neste hemiciclo defendendo de novo uns orzamentos que non valen para atender as persoas”.

Cunha realidade social cada día máis inxusta, con 4 de cada 10 asalariados cobrando menos de mil euros ó mes e 750 mil persoas en risco de exclusión social, os orzamentos da Xunta para 2017 continúan na senda de agravar as desigualdades, a po-



■ Luís Villares é voceiro parlamentario de En Marea

breza, a emigración xuvenil e o devalo demográfico. “Estes orzamentos volven a ser as contas dos recortes, que o PP leva no seu ADN”, sinalou Villares en alusión á minúscula do 18% no capítulo de políticas sociais e dun 14% no de Sanidade.

Novo modelo de financiamento

Villares tamén se referiu ó modelo de financiamento autonómico. En Marea calcula que sería preciso incrementar como mínimo en 3.000 millóns de euros os ingresos da Xunta para recuperar os dereitos sociais que se foron perdendo dende 2009. “A autonomía política ten que ter unha dimensión económica, o modelo de status

quo que defende o PP non nos vale, queremos un sistema baseado na soberanía fiscal, na cooperación e non na competitividade entre comunidades autónomas”, lembrou Villares antes de amosar o convencemento de que “é posible acadar unha postura de país en materia de financiamento autonómico”.

Lei de Acompañamento: “fraude democrática”

O vicevoceiro de En Marea Antón Sánchez foi o encargado de defender as emendas á Lei de Acompañamento dos Orzamentos que cualificou de “fraude democrática porque vai modificar vinte leis e tres decretos en hora e media de

debate, demostrando unha total improvisación e falta de transparencia en cuestións axiais como a ordenación do territorio, como resultado dunha mistura de fracasos destes gobernos”.

“Pode explicarse a historia lexislativa do transporte público mentres chegaban garrafas de Vega Sicilia a aqueles que tiñan que ver con decisións que afectaban aos intereses dalgunhas empresas, e por suposto dos que enviaban as botellas”, denunciou Sánchez, que tamén puxo como exemplo do modelo empobrecedor para Galicia imposto polo PP as modificacións que achega a Lei de Acompañamento en materia de urbanismo ou de ordenación do monte “sen permitir ningún tipo de debate social nin político”.

Proclaman o Consello das Mareas e o documento político que establece as súas tarefas prioritarias

O Consello está formado por 35 persoas, non só polas 11 da Coordinadora. As persoas eleitas para a Coordinadora foron: Victoria Esteban, Xose Manuel Beiras Torrado, Gladys Afonso Lobato, Iago Martínez Durán, Noemi Prados, Javier Octavio de Toledo Delgado, Sara Torreiro, Pedro José Rivera Rodríguez, Ana Seijas, Rafa Dopico Carba-

lleira e Borja San Ramón Tizón.

O primeiro traballo do consello debería ser a elaboración dunha proposta de regulamento que defina o seu funcionamento, que concorde cos documentos do 30X, e que tería que ser ratificado polo Plenario á maior brevidade.

Dado que En Marea é unha organización plural e diversa, deberíamos propiciar metodolo-

xías de consenso e unha estrutura branda e non xerarquizada.

Posiblemente sería recomendable limitar a participación de cada persoa integrante do Consello a un máximo de dúas áreas de traballo, e facilitar a rotación entre eles de xeito periódico se así se desexa. O ideal sería construír os espazos de traballo de abaixo a arriba e non a inversa, para evitar si-

tuacións coma que algúns grupos de traballo teñan moita afluencia e outros ningunha.

Evidentemente se un área de traballo non suscita o interese das persoas do Consello, pouca razón de ser ten.

As “tarefas prioritarias” establecidas no documento político contemplan a consolidación de En Marea como espazo de unidade popular en Galicia, o de-

senvolvemento do discurso político do espazo de unidade popular, o artellamento de formas de participación activa na Marea, o desenvolvemento dunha proposta de articulación territorial e sectorial de En Marea, a interacción coa sociedade civil consciente e organizada, así como as vías de apoio e fórmulas para a coordinación coas mareas locais.

Galicia

Redacción OURENSE

No castelo de Castro Caldelas estarán os museos do Irrio e dos Fachóns

Na Casa de Fariñas instalárase o Museo Antropolóxico de Galicia

Con cinco grados centígrados baixo cero Castro Caldelas celebrou a festa dos fachóns, o 19 de xaneiro, víspera de san Sebastián, festivo local. A alcaldesa Sara Inés Vega e o editor caldelao, Olegario Sotelo Blanco, prenderon os seus fachós cos que acenderon o fachón de 39 metros de longo que abriu a procesión polo casco vello. Seguían 600 fachós individuais mentres repinicaban as campás, as luces públicas estaban apagadas, o castelo iluminado e as bombas de palenque estoupaban no ceo caldelá e as charangas animaban as rúas e a Praza do Prado. Ao remate, os participantes tomaron bocadillos de chourizo, refrescos, viño e máis tarde queimada. Os fachóns teñen a súa orixe no século XVIII mentres que o fachón xigante é un engadido de finais do século XX cando se organiza un concurso de fachós. O caso é que o Concello mantén a tradición a pesar da carencia da palla. O museo do Irrio, o dos fachós e outro antropolóxico, son inqueданzas do Concello. O longo de 2016 a actividade do Concello de Castro Caldelas foi intensa, pivotando na mellora de instalacións dependentes do Concello; apoio ó sector primario e ó turismo e atención ós servizos sociais e dependencia. A alcaldesa, Sara Inés Vega Núñez, cita tamén as melloras nas instalacións dependentes do Concello que foron melloradas de xeito significativo.

Proxectos

Este ano 2017 estará marcado pola mesma liña de actuación de apoio o sector agrario, mellora das infraestruturas, atención ás persoas (infancia, xoves, adultos e maiores) e potenciación do sector turístico. Entre os proxectos máis relevantes están a mellora das instalacións viarias: a estrada de Sas, Vimieiro, Folgoso, Trabazos e A Veiga. Mellora da captación de augas nas parroquias de Santa Tecla, San Paio, Casfiel e Trabazos. Continuación dos traballos da concentración parcelaria en Vilamaior, O Burgo e Camba. Desbroces de camiños e estradas por todo o Concello para facilitar o traballo ós agricultores e gandeiros así como o fomento de ocio por zonas que estaban pechadas o paso. "Tamén melloraremos camiños nas zonas que fora preciso. Arranxaremos os viais do barrio de Trascastro e os da zona do Camiño de Trascastro ao Pinar. Buscaremos a financiación para mellorar o vial e beirarrúas no barrio das Laguiñas e Vicente Risco, e traballaremos para acadar calquera necesidade que fora preciso acometer. Continuaremos co cambio de luminarias convencionais de alto consumo a LED ao longo do ano," sinala a alcaldesa.



■ O Concello repartiu 600 fachóns para nenos e adultos



■ Prendido oficial dos fachóns



■ O Folión do Irrio actuou por primeira vez

Servizos sociais

“Seguiremos apoiando a permanencia da xente no seu entorno con oito traballadoras de axuda a domicilio (limpeza, acompañamento, administración de medicamentos, axuda a mobilización, aseo, elaboración de comida...), inserción de xoves, adultos e persoas en risco de exclusión social tanto

con medidas de axuda como con oferta de traballo (Risga, Aprod, Banco de Alimentos, Deseñando o teu futuro,...)”. Sara Inés Vega indica outras aspiracións para este ano “Continuaremos traballando para contar cunha ampliación da Residencia da Terceira Idade. Arranxo dun piso no edificio das antigas vivendas dos mestres có que conseguiremos 4

vivendas en perfecto estado para os movementos asociativos e multiusos do Concello. Seguiremos traballando para potenciar o sector turístico tanto cunha oferta cultural e de ocio como coa revalorización do castelo e rutas de senderismo. Apoiamos e fomentamos todas as iniciativas que xurdan para o desenvolvemento da comarca e seguiremos coas pautas de promoción dos produtos propios desta zona: Mostra do Viño, Fachós, Festas dos Remedios e o Irrio Peliqueiro, magosto, entroido. Levaremos a cabo una importante acción ao respecto do turismo de sendeirismo coa posta en funcionamento dunha nova Ruta dos Soutos Máxicos”.

Outras novidades para 2017 serán a con-

tinuación da mellora na Área Recreativa de Ponte das Táboas tanto con infraestruturas como con actividades e servizos. No castelo se mellorará a instalación e a oferta cultural con actividades e dotación de contido: Museo do Irrio e dos Fachós. “Importante será –dí a alcaldesa– a posta en funcionamento do Museo Antropolóxico de Galicia co seu traslado a Castro Caldelas, concretamente á antiga Casa de Fariñas que marcará un eixo importantísimo a nivel de oferta cultural. E sobre todo seguiremos atentos e traballando sin descanso en acadar financiación allea para seguir mellorando a calidade de vida dos nosos veciños e visitantes”.

Panadería Gainza

Vilariño de Oza, Montederramo
988 292 098 - 606 352 326
696 627 333

Bica Mantecada ELADIO

Tfno. 988 38 02 82
A DERRASA - Pereiro de Aguiar
OURENSE

OIL PINTUCO

Recollida de aceites.
Graxas vexetais.
Limpeza de filtros.

Correo: oilpintuco@gmail.com
AMOEIRO (Ourense)

680 956 669
675 860 424

MAPFRE

Agencia de Seguros Exclusiva de MAPFRE FAMILIAR, S.A.
Otero Armesto, S.L. Delegado. Jose e Charo
Nº Registro D.G.S. y F.P. C0763B32361370

(+34) 988 39 19 39 | (+34) 606 38 11 78 | armestr@mafpre.com

CALEFACCIONES
LINO PEÑA
PRODUCCIÓN DE AGUA CALIENTE
AIRE ACONDICIONADO
REFORMAS COMERCIALES
OURENSE: Av. Buenos Aires, 246

988 232 959
988 223 118
609 888 918

Adegueiro Jorge Feljoo González
Teléfonos: 606 807 897 - 606 047 602
Abeleda - A Telxeira (Ourense)
adegavella@terra.com

BAR D-DOLORES

Pratos combinados
Comida brasileira

Tfno. 988 60 10 09 | Ervedelo, 59. OURENSE

Hnos. Díaz Caldelas SL
EXCAVACIONES Y DESBROCES

32766 Quintela
Castro Caldelas
988 203 218
629 379 905

Moción de confianza do goberno da Coruña de cara aprobar os orzamentos do 2017

Logo da ruptura do acordo entre o PSOE local, con seis concelleiros e da Marea Atlántica, no goberno local e con 10 edís

O concello da Coruña celebra o 30 de xaneiro unha moción de confianza á que se somete o alcalde Xulio Ferreiro. O mandatario coruñés quere deste xeito, coñecer os apoios cos que conta para poder darlle saída ao orzamento para o presente ano de 2017.

A moción de confianza vén logo da ruptura do acordo entre o PSOE local, con seis concelleiros e da Marea Atlántica, no goberno local e con 10 concelleiros. Isto aconteceu o xoves día 26 de xaneiro, cando os socialistas coruñeses dixeran que terían catro concelleiros na comisión de seguemento dos orzamentos. Tamén anunciaron que xestionarían máis partidas que as que pactaran coa Marea. Non obstante, o pacto entre A Marea e PSOE indicaba que serían tres concelleiros por cada grupo político.

O PSOE argumentou que a súa postura debíase ao veto que a Marea lle fai á súa cabeza de lista Mar Barcón. Nestes momentos o PSOE da Coruña está sumerso nunha crise sen voceiro e cunha xestora no canto de secretaría xeral.

Pola súa banda, o alcalde coruñés, Xulio Ferreiro declarou nunha entrevista ao xornal Público, que o PSOE debería decidir se realmente quere ser actor dun cambio político na cidade.

A moción de confianza situaría ao PSOE nun camiño difícil. Se o seu voto é favorable ou se se abstén, os orzamentos propostos pola Marea estarían aprobados de maneira directa e sen enmendados. Se os socialistas votasen contra dos orzamentos, tería por diante un mes para artellar un pacto co PP e presentar un novo alcalde e presentar unha moción de censura. Esta alternativa non parece ser a mellor para os socialistas, pois poderían perder votos. Os populares contan tamén con dez concelleiros. No caso de que non haxa moción de censura, as contas para o ano 2017 serían validadas sen propostas.

Por outra banda, a única representante do BNG na cámara da Coruña podería dar-



■ Xulio Ferreiro é alcalde da cidade da Coruña

lle a volta á situación no caso de votárense os orzamentos. Se dese o seu voto, estaría respaldando o plano orzamentario do grupo da Marea. Isto último podería ser favorable aos dous grupos, Bloque e Marea, pois segundo as enquisas, de seren agora as eleccións municipais, ambos os dous grupos poderían ter un concelleiro cada un que posiblemente saísen de votantes descontentos co PSOE.

Así as cousas, Xulio Ferreiro, citando a entrevista a Público, vese na tesitura doutros concellos como Compostela, con goberno de Compostela Aberta e Ferrol, con goberno de Ferrol en Común e outros como Lugo, con goberno do PSOE e Ourense, goberno do PP, non teñen os seus orzamentos aprobados aínda. Non obstante, as

análises que se tiran desta situación é que saia o que saia da moción de confianza, A Marea Atlántica podería botar para adiante co seu proxecto económico para a cidade.

Para Ferreiro o problema do PSOE está a día de hoxe na súa falta de definición clara sobre o seu proxecto político. Con isto quere dicir que os socialistas, desde que estalou a crise na agrupación coruñesa, as posturas do grupo no que está Mar Barcón, son cambiantes día si e día tamén.

O presunto veto da Marea a Mar Barcón, para Ferreiro é inexistente. Sen entrar na valoración dos acontecementos internos do PSOE local, o alcalde coruñés pensa que o grupo socialista debe buscar un acordo interno que lle permita achegarse á postura que vexa máis conveniente sobre as

contas do concello. Na entrevista de Público, pregúntalle se aceptaría que Barcón fose parte da comisión de seguemento orzamentario. Ferreiro responde que o acordo sobre as contas municipais debe ser global e non dividido en anacos.

Ferreiro continúa describindo na entrevista a Público, que a moción de confianza vai parella á formación dunha maioría alternativa. Considera que non ten motivos para presentar a súa dimisión no caso de perder a moción.

Sobre a cantía do diñeiro que ten o concello este ano, 244,78 millóns de euros fronte aos 244,5 do ano pasado, Xulio Ferreiro declara que a contía no subiu debido á decisión de non subir a presión impositiva. Sobre a débeda do concello, o alcalde di que o aforro realizado nos últimos tempos, non vai destinado na súa totalidade ao pagamento das débedas municipais. O que si se fai é unha redistribución do gasto. Sinala ademais que a día de hoxe non se sabe cal é o remanente do orzamento de 2016.

No caso de abrirse novas negociacións sobre os orzamentos, Ferreiro deixa claro que as propostas do BNG e materializadas nas enmendadas ao proxecto de orzamento anterior, non foron aprobadas e por tanto xa non son vinculantes. Non obstante nas negociacións co PSOE unha das liñas que non se quería atravesar era manter o pacto co Bloque.

Preguntado sobre as relacións con persoas e estamentos coruñeses con peso na cidade, Xulio Ferreiro di que con algunhas desas persoas non mantén relación ou contacto. En todo caso, as actitudes que observa en medios e sectores da vida herculina, parécenlle a mesma resposta que están tendo outros gobernos locais conformados por candidaturas cidadás.

Por último o alcalde coruñés declara que nas reunións cos veciños, estes queren que A Coruña sexa unha cidade máis habitábel e que isto é o que buscan coa aprobación dos orzamentos para 2017.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Carlos Barros González

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Losada Dorado - Isidoro Gracia - Roberto Carlos Mirás - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves - João Martinho.

MADRID: -Juan Louzán - **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra - **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Jesús Losada Dorado - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hernanget Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

O Concello de Ponteareas presenta o plan de dinamización comercial

A proposta, que xa coñecen ás asociacións de comercio e hostalaría, prevé crear unha federación ou plataforma comercial para unir e actuar conxuntamente todo o sector

O Concello de Ponteareas ven de presentar o plan de dinamización para revitalizar o comercio e hostalaría local, documento elaborado nos últimos meses pola consultoría Nortec, especializada neste tipo de estudos. O plan foi presentado polo alcalde, Xosé Represas, a nova concelleira de comercio, Inés Vidal, a primeira tenente de alcalde, María Jesús Garróte e o responsable técnico da empresa, Pedro Almendros, no día de hoxe aos medios. Anteriormente, o mércores xa fora presentado aos representantes das asociacións de comerciantes, hostaleiros e da praza de abastos coa presenza de Pedro Almendros, responsable técnico do plan.

O estudo realizou unha análise da situación actual do conxunto de comercio e a hostalaría do núcleo urbano, especialmente dos principais eixos comerciais co obxectivo de realizar un diagnóstico dos principais aspectos que inciden na súa competitividade.

O Plan, que contempla actuacións ata 2019, está estruturado en 6 liñas estratéxicas: Accesibilidade, mobilidade e entorno físico do espazo urbano comercial, Colaboración Público-Privada e Cooperación empresarial, Potenciación do centro da cidade como Centro Comercial Aberto competitivo, Modernización e profesionalización con apoio a comercio, hostalaría e servizos, Potenciar a integración de e a promoción de zonas como avenida Caste-



■ Presentación do Plan de Dinamización Comercial

lao e por último Promoción do Comercio e a Hostalaría Local, e mellora da súa imaxe.

Estas liñas estratéxicas desenvólvense en ata 50 accións concretas, moitas delas responsabilidade directa do Concello como mellorar o espazo público ou o apoio técnico e económico, outras son de competencia do propio sector. Inés Vidal cualificou de ambicioso o Plan e manifestou que “os representantes das catro asociacións valoraron

positivamente a iniciativa municipal e mostraron o seu interese en analizar o documento para por en marcha o mesmo a curto prazo”.

Unha das medidas novidosas é a proposta de crear unha Federación ou plataforma do comercio e hostalaría, “unha medida necesaria para unir a todo o comercio, tamén aos que non están en ningunha asociación, e para lograr un maior impacto na promoción comercial de Pon-

teareas”, recalcou o Alcalde

O Plan contempla medidas sobre aparcamentos, sinalización urbana, acondicionamento dos principais eixos comerciais, accións de promoción de vendas e fidelización da clientela, etc. As asociacións teñen agora un tempo para analizar o documento antes de volver a manter unha reunión de traballo co goberno sobre as medidas máis inmediatas contempladas no Plan.

ACiP denuncia os abusos das empresas de telefonía por instalar liñas sen licenza

O Portavoz Municipal de ACiP Juan Carlos González Carrera denuncia o abuso que están a facer as empresas de telefonía móbil neste Concello. Os veciños de diferentes rúas, entre outras a Rúa Oriente veñen sufrindo os abusos, da empresa Orange neste caso, na instalación de cabreado polas súas fachadas sen pedir permiso aos seus propietarios utilizando como artimaña que si non pasan a liña non lle darán servizo a os solicitantes enfrontando nalgún caso aos solicitantes do servizo cos propietarios das fachadas dos edificios.

O primeiro, dicir, que non teñen autorización do Concello que mira para outro lado e non inspecciona o que os veciños denuncian, argumentando que son cambios do cabreado cando en realidade

son instalacións novas das empresas que antes non tiñan instalación.

O grave de todo isto, como engadido, é que estas empresas están realizando as instalacións sen o correspondente permiso de patrimonio da Xunta de Galicia e máis cando estas instalacións se producen en edificios do casco urbano, catalogados por patrimonio, nas normas subsidiarias e no documento do Plan Xeneral, (ambas de aplicación na actualidade).

Isto non é nada novo pois nas pasadas semanas veciños da rúa Rogelio Groba, (antiga Dario Bugallal) e outras, impediron a colocación do novo cabreado nas súas fachadas pois carecían de autorización municipal e permiso de patrimonio da Xunta de Galicia.

Tamén é certo que debido a falta de in-

formación Municipal moitos veciños atópanse sen saber qué facer e sofren os abusos das empresas e ameazas nalguns casos.

Informar aos veciños que as compañías teñen que solicitar as pertinentes licencias e pagar as taxas como calquera veciño antes da obra e negociar cos propietarios o pago duna servidumbre para o paso do cabreado novo.

Os veciños afectados se preguntan como o Concello mira para outro lado e o curioso que os veciños son os propietarios das súas fachadas e teñen que conservarlas por estar protexidas por patrimonio, pero en cambio ven como o Concello no esixe lo mesmo a as empresas telefónicas que o único que veñen é a recadar.

Desde ACiP denunciaremos o incumprimento por parte do Concello das normas

aprobadas no plan xeneral provisionalmente e pendente da aprobación definida da Xunta de Galicia onde o artigo 181 prohibe a instalación deste tipo de instalacións polas fachadas e obriga a que sexan subterráneas.

González Carrera advirte da desigualdade que aplica o Concello, pois para calquera tipo de obra nestas fachadas o Concello obriga a os veciños a solicitar o pertinente permiso a Patrimonio da Xunta de Galicia e incumpre en solicitalo as compañías de telefonía que campan a súas anchas neste Concello.

Comunicaremos ante la dirección Provincial de Patrimonio ditas denuncias e incumprimento do Concello de Ponteareas en aplicación das normas sexan para todos iguais.

Galicia

Redacción OURENSE

O salón gastronómico Xantar fomentará o turismo interno e de proximidade

Expertos vencellados á gastronomía e ó turismo reuníronse en Expourense para perfilar as accións profesionais da vindeira edición de Xantar. Foron presentados, entre outros temas, os distintos paquetes turísticos dirixidos a fomentar o turismo interno e de proximidade estimulando ao público final a visitar Ourense e reforzar un dos obxectivos principais desta cita: promocionar o turismo a través da gastronomía. A novidade desta edición son os paquetes "Siente Galicia" que permiten regalar unha experiencia enogastronómica na provincia. A contratación deste paquete inclúe aloxamento en réxime AD en hotel de 4 estrelas, a entrada ó salón, o xantar ou cea nun dos seus restaurantes e a participación nas actividades. A reserva deste paquete farase dende a propia central de reservas www.sientegalicia.com.

Xantar creou unha experiencia gastronómica orientada aos visitantes que poden achegarse a Ourense na liña de Alta



■ Reunión do comité asesor de Xantar 2017

Velocidade, AVANT. Este paquete está dispoñible para o sábado 4 de febreiro e inclúe a viaxe ida e volta en tren, os traslados, visita guiada á cidade de Ourense (áreas termais e casco histórico) e a comida nun dos restaurantes do salón. Todo isto por 50 euros dende Santiago e 60 dende A Coruña. Este ano recuperouse

ademais o paquete Tren dende Vigo, coas mesmas condicións e cun prezo de 46 euros. Convén lembrar ademais que todos os visitantes que acudan ao salón en tren desde calquera parte de España obterán un 35% de desconto. Estes paquetes compléméntanse coas dirixidos as confrarías gastronómicas e enófilas e ás Escolas de

Hostalería de España e Portugal. Presentouse o borrador do XII Encontro Internacional de Gastronomía Sostible e Saudable que incluírá showcookings, masterclass, catas comentadas e degustacións de produtos de calidade recoñecidos con selos como a Denominación de Orixe ou a Indicación Xeográfica Protexida. A reunión acudiron o concelleiro de Turismo de Ourense, Jorge Pumar, a directora de Promoción da Axencia de Turismo de Galicia, Carmen Pita, o xerente do INORDE, José Manuel Rodríguez, e o presidente da Federación de Hostalería de Ourense, Ovidio Fernández. Participaron ademais representantes da Consellería de Medio Rural e da de Sanidade, da Confederación de Empresarios de Ourense, da Federación de Comercio de Ourense, dos Consellos Reguladores de Valdeorras e Ribeiro, do IES Vilamarín, da Asociación Galega de Catadores, da Academia Gastronómica de Ourense e dos bloggers gastronómicos.

Goza dunha experiencia enogastronómica en Xantar

18º Salón Internacional de Turismo Gastronómico



Ourense,
1 - 5 / feb / 2017

SHOWCOOKINGS



RESTAURANTES



CATAS



CONCURSOS



TÚNEL DO VIÑO



Consulta menús e programa de actividades en www.xantar.org /  

Organiza:



Co apoio de:



Partners:



Homenaxe a Fermín Bouza en Madrid

Membros da Asociación Cultural Río Xuvia e do Grupo Bilbao, os compoñentes do faladoiro do antigo Café Comercial, déronse cita hoxe na Delegación da Xunta de Galicia en Madrid-Casa de Galicia nun recital de homenaxe ao profesor e escritor compostelán Fermín Bouza Álvarez, falecido a finais de pasado mes de outubro en Madrid, no que recitaron algunhas das súas poesías en galego e ofreceron testemuños sobre a súa vida. A eles sumouse o ex fiscal xeral do Estado e actual maxistrado do Tribunal Supremo Cándido Conde-Pumpido, como amigo do homenaxeado, e a viúva do escritor, Carmen Pena.

Ao acto asistiron máis dun centenar de persoas que coparon o aforamento da sala principal da Casa e ao que se sumaron varias adhesións escusando a súa ausencia. Nel interviñeron o escritor e crítico literario Vicente Araguas, que o coordinou e conduciu, Cándido Conde-Pumpido, o delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega López, e trece persoas máis que compartiron faladoiro con Bouza -tamén membro do Grupo Bilbao- e que nesta ocasión recitaron as súas poesías en galego, seleccionadas dos poemarios "Ou tempo na auga" e "Labirinto de inverno". Entre eles, o secretario da Asociación Cultural Río Xuvia, Manuel Pereira



■ Carmen Pena recitando, seguida por Conde-Pumpido, José Ramón Ónega e Vicente Araguas

Valcárcel, o poeta Rafa Yáñez e a viúva de Bouza, Carmen Pena, catedrática de Historia da Arte, que pechou o acto e ademais de recitar lembrou a figura do seu marido. "Ligoume coa poesía", afirmou.

Ónega lembrou que Bouzas, que frecuentou a Casa de Galicia, "era fillo do xuíz e gran poeta galeguista Fermín Bouza Brey" e catedrático de Opinión Pública na Universidade Complutense de Madrid. "Como escritor, publicou dúas innovadoras novelas

en galego: 'En Memoria do diaño' (1980) e 'Longo voo de paxaro' (1987). En 1991, o editorial Debate publicoulle en castelán 'As vodas secretas de Lilia'. En poesía, debe destacarse a súa 'Labirinto de inverno', que obtivo o premio da Crítica española en lingua galega en 1990. Colaborador asiduo nos medios de comunicación, era autor da bitácora 'O voto con botas'. Tamén era membro do consello editorial da revista galega 'Luzes', rememorou.

Araguas glosou a figura de Fermín Bouzas, como amigo seu desde 1967, ano en que se coñeceron en Compostela, e como "copartícipe unhas múltiples actividades despois de que membros dinámicos da Galicia da diáspora" e que escribiron "o un sobre o outro en diferentes ocasións". "Fermín era todo. Tiña un peso intelectual moi superior a todos os demais que andabamos ao seu ao redor. Xogaba nunha liga superior", afirmou.

Conde-Pumpido quixo sumarse ao acto organizado pola Asociación Cultural Río Xuvia como amigo e admirador de Bouza, de quen tamén lembrou que lle coñeceu no ano 67 cando eran "dous mozos e entusiastas estudantes na universidade galega, deses mozos que antes de saber exactamente o que queren saben perfectamente o que non queren". Mostrouse "completamente seguro de que a súa obra será cada vez máis e máis valorada". "Era un intelectual cuxa ausencia nos deixa un baleiro moi difícil do colmar", engadiu.

Os rapsodas no acto foron, por orde de intervención: Vicente Araguas, Luz Pichel, Miguel Barrera, Xabier Vila-Coia, Xaneiro Torrado, Begoña Regueiro, Antonino Nieto, Vitor Garabana, Jesús Varela Ogando, Lida Teixeira, Rafa Yáñez, Inés Canosa, Manuel Pereira e Carmen Pena.

Por: Guillermo Rodríguez

Editorial publicado en xaneiro de 2002

Como diciamos daquela...

Dos xitanos cóntanse unha morea de anécdotas; seguramente a maior parte delas non son verdade, pero esta sérvenos para situa-lo problema que hoxe queremos tratar: a situación de Arxentina.

Din que un xitano comezou a quitárlle-la comida ó seu burro pouco a pouco, día a día; cada vez un chisco menos. O animal foi aguantando e o xitano fregábase as mans porque ía conseguir ter un burro que lle fixera o traballo e que non lle custara nada mantelo. A sorpresa do tal personaxe foi que unha maña calquera atopouse co burro estarricado, morto.

As malas linguas atribúenlle ó xitano a seguinte sentenza: "Agora que xa estaba acostumado a non comer, morre".

Arxentina semellase ese burro que aportaba traballo e recursos máis que suficientes tódolos arxentinos; porque ninguén dubida a estas alturas de que Arxentina é un dos tres países máis ricos de América e tal vez do mundo.

¿Que pasou logo para que nestes momentos se encontre en quebra? ¿Que "terremoto sociolóxico, físico ou económico" ten

Igual que o burro do xitano

sacudido a este querido país para preto da metade da súa poboación estea pasando fame real, auténtica, non estadística?

O señor Vargas Llosa (El País 7/1/02) pregúntase que cataclismo, praga ou maldición divina caeu sobre Arxentina para que en medio século pasara de se un país de promisión á situación actual. Atrévase a dicir que detrás de todo está unha motivación recóndita, difusa; certa predisposición anímica e psicolóxica. Algo así como se os arxentinos quixeran, voluntariamente, pasar fame. Acode a unha obra de Ana María Barrenechea "La expresión de la irrealidad en la obra de J. Luis Borges".

Nós pensamos que todo resulta sinxelo e fácil de explicar: os políticos e a alta burguesía arxentina levan séculos probando ata onde podía esquilar, roubar, ós traballadores e pequenos empresarios arxentinos sen que moriesen, como o burro do xitano.

Comezaron a chuparlle os recur-

sos ó país pensando que o podían facer eternamente. As súas "haciendas", como din por aquelas terras, ían crescendo, e os depredadores, especuladores, ladróns, (para non andar con subterfuxios lingüísticos), facíanse a idea de que o sistema non tiña fin. Que, como din os actuais falsos e corruptos economistas, pobres e ricos ten que haber sempre, porque senón fora así ¿como se distinguen a alta e baixa crase social?

Claro que o sistema non podía ser eterno. Os arxentinos non estaban dispostos a esterricala perna como o burro do xitano da historia. Con coraxe e dignidade, saíron á rúa e dixéronlle ós seus corruptos dirixentes que ¡¡basta!!.

As imaxes e as información que nos chegan dándonos conta de como un pobo ferido e atacado nos seus sentimentos máis íntimos (supervivencia e dignidade) é que de poñer na rúa a dous, tres, catro presidentes... , son preludio de que algo está cam-

biando. A Arxentina é hoxe paradigma no que todos temos unha referencia obrigada: a un pobo non se lle pode condenar eternamente a morrer por inanición. Un pobo dono dos seus destinos é quen de forzar ós seus dirixentes a poñer fin a toda unha serie de arbitrariedades e abusos de poder; e quen de forzar situacións impensables nos manuais de economía; tanto da capitalista, como da liberal ou da socialista, se é que nestes momentos se distinguen en algo.

Os políticos arxentinos dos últimos cincuenta anos, incluídos os dictadores do interregno, pensaron que o pobo podía ser esquilado, chuchado eternamente. Non foi así. Hoxe xa coñecen o que pode ocorrer cando, igual que fixo o xitano, pretenden que a xente se acostume a pasar fame sen rechiar; resista tódolos abusos habidos e por haber sen dicir ren.

¡Mágoa escoitar ó nosos representante governamental, Sr.

Piqué (¿que ben estaba co bico calado?) recomendarlle ós arxentinos que tiveran coidade con medidas económicas heterodoxas! ¿Como se as medidas económicas obrigadas que ata hoxe foron postas en marcha polo FMI e polos distintos gobernos (incluído o ínclito Cavalo) de Arxentina foran ortodoxas! Tal vez si, pero, ¿ortodoxas para quen? Aí está o resultado.

Felicítamos ó pobo arxentino na súa coraxe e dignidade. Esperamos que lles teña servido de lección; que os españois, sobre todo os galegos, non se esquezan que a capital arxentina, Bos Aires, foi a principios do século pasado a maior cidade galega; alí contabilizáronse preto de 300 mil galegos. Hoxe están chegando arxentinos a Galicia en busca de traballo; sexamos quen de recibilos coa mesma franqueza e altura de miras que eles fixeron cos nosos antergos. É o menos que podemos facer. De ben nacidos é ser agraecidos.

Este artigo foi o Editorial do número 315 de 'A Peneira', publicado na 1ª quincena de 2002.

O PP interésase polo estado de elaboración da relación de postos do traballo do Concello de Monforte

O Grupo Municipal do PP de Monforte demandalle ao Goberno local que dea conta ao Pleno do estado de elaboración e tramitación da relación de postos de traballo do Concello, tras ter sido obxecto de contratación en novembro de 2012. Os populares engaden que, de non dispor da RPT, se proceda a elaborala cos recursos propios do Concello ou de forma gratuíta a través dos servizos de asesoramento xurídico da Deputación de Lugo. Os populares explican que, como é sabido, o Concello de Monforte ten aboado o longo dos últimos anos facturas correspondentes a contratos e servizos relacionados coa elaboración da RPT e catálogos de postos de traballo do Concello por importe de 135.672'88 euros. A pesar deste desembolso, o Concello de Monforte segue sen ter aprobada unha Relación de Postos de Traballo. De feito, non hai moito que para que un Policía Local pasase a situación de segunda actividade o Pleno tivo que aprobar o catálogo correspondente para ese suposto, por carecer este Concello da necesaria Relación de Postos de Traballo e non atopar o catálogo que, supostamente debería obrar, de non existir RPT. O Grupo Municipal do PP precisa que o Concello de Monforte dispón e dispuxo ao longo destes anos de técnicos xurídicos perfectamente cualificados para emitir este tipo de informes



■ Casa Consistorial de Monforte de Lemos

polos que se veu pagando sistemáticamente a entidades externas. Para máis despropósito, engade a voceira do PP, Julia Rodríguez, “a Deputación de Lugo dispón dun Servizo de Asesoría Xurídica para os concellos que comprende entre as súas funcións o asesoramento en dereito no seu respectivo ámbito competencial, incluíndo expresamente entre outras tarefas “evacuar informes e dita-

mes fundados en dereito” ou a “emisión de estudos xurídicos de interese para os concellos”. Así, pode ser obxecto dese asesoramento gratuíto a elaboración da RPT, como ten acontecido no caso de outros concellos da provincia. De feito, a propia Deputación ten destacado o aforro que lle ten representado a moitos concellos da provincia a súa cooperación na elaboración das relacións de postos

de traballo, considerando os elevados custes que representa a contratación cunha empresa privada.

Oferta de emprego

Os populares desvelan que a Xunta de Goberno do 19 de decembro aprobada unha oferta pública de emprego do Concello, pese a non dispor de relación de postos de traballo que permitan coñecer as disponibilidades e necesidades. Os gastos de persoal do Concello están orzamentados para 2017 en 4.137.963 euros. O PP recorda que, tanto a Lei de Bases de Réxime Local, como a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establecen que a planificación dos recursos humanos terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade. A lexislación tamén establece que as Administracións estruturarán a súa organización a través da relación de postos de traballo, un aspecto que o alcalde decidiu desatender, ao igual que fixo o anterior rexedor. O departamento de urbanismo de Monforte, con 19.000 habitantes, sen PXOU e con un plan especial en tramitación conta únicamente con un arquitecto técnico, mentres se lle da cobertura a outros servizos non tan importantes.

A Deputación de Lugo colabora con ‘Pastores de Galicia’

O vicepresidente da Deputación, Álvaro Santos, participou na presentación da marca de garantía Pastores de Galicia. Este novo selo, impulsado por OVICA, distingue no mercado a carne de cordeiro e de cabrito producida en Galicia. Servirá para incrementar o consumo deste tipo de alimento, que conta na provincia lucense coa maior porcentaxe de produtores de Galicia. O organismo provincial colabora con esta iniciativa cunha axuda económica de 3.000 euros, coa organización dun *showcooking* e degustación, así como coa elaboración de material divulgativo e un vídeo promocional dende a TIC. “Queremos que se vendan os nosos produtos autóctonos de calidade e, para iso, temos que poñelos en valor e dalos a coñecer con iniciativas como a que hoxe presentamos, sinalou o Vicepresidente. Santos Ramos sinalou “a importancia de apoiar un sector en auxilio coma este para combater o despoboamento no rural da provincia a través dun



■ A presentación foi na praza de Abastos de Lugo

desenvolvemento económico e sostible”. Xunto ao vicepresidente, participaron a concelleira de Participación Cidadá de Lugo, Rosana Rielo; a presidenta de OVICA, María del Carmen Fernández; a presidenta da cooperativa Vélaro, asociada a OVICA, Vanessa Díaz; e un dos técnicos do colectivo e enxeñeiro agrónomo, Carlos Alberto Rodríguez. Os representantes institucionais tamén participaron na *showcooking* con degus-

tación que estivo conducida polo cociñeiro Rubén García. O vídeo que promociona a marca Pastores de Galicia foi gravado por un equipo da Fundación TIC en varias explotacións da provincia, en concreto, nos concellos de Friol e Guntín. Nel amósase o xeito especial de crianza e alimentación natural baseado no pastoreo, que empregan os criadores lucenses integrados nesta marca. Con este audiovisual os responsables do selo queren por en valor e darlle maior visibilidade a esta práctica natural de crianza que, segundo apuntan, marca a diferenza coa que se está a empregar noutras zonas produtoras de gando ovino e cabrún.

Marca de garantía

Os populares desvelan que a Xunta de Goberno do 19 de decembro aprobada unha

oferta pública de emprego do Concello, pese a non dispor de relación de postos de traballo que permitan coñecer as verdadeiras disponibilidades e necesidades. Os gastos de persoal do Concello están orzamentados para 2017 en 4.137.963 euros. O PP recorda que, tanto a Lei de Bases de Réxime Local, como a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establecen que a planificación dos recursos humanos terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade. A lexislación tamén establece que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través da relación de postos de traballo, un aspecto que o alcalde decidiu desatender, ao igual que fixo o anterior rexedor. O departamento de urbanismo de Monforte, con 19.000 habitantes, sen PXOU e con un plan especial en tramitación conta únicamente con un arquitecto técnico, mentres se lle da cobertura a outros servizos non tan importantes.

A Deputación de Lugo financia á Mariña e á Terra Chá

O Goberno da Deputación financiou na Mariña, con 391.000 euros, un total de 72 actuacións que favorecen a actividade agrogandeira e pesqueira, así como a vida en pequenas localidades. Fíxoo en núcleos rurais de 14 concellos mariñáns aos que pertencen os colectivos veciñais, que resultaron beneficiados das axudas do plan de impulso ao rural e ao sector primario. Estes municipios son os de Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, O Pontenova, Ribadeo, Riotorto, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove. O número de actuacións é igual que o de axudas económicas concedidas a outras tantas asociacións de veciños da Mariña, que participaron no proceso público de concorrencia competitiva e aberto a toda a cidadanía, posto en marcha ao abeiro de dito plan. A Terra Chá foi financiada con 391.000 euros para un total de 63 actuacións, que favorecen a actividade agrogandeira e a vida en pequenas localidades. Fíxoo en núcleos rurais de 11 concellos desta comarca. Estes municipios son os de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, A Pastoriza, Pol, Ribeira de Piquín, Vilalba e Xermade.

Comarca de Lugo

O Goberno da Deputación tamén financiou na Comarca de Lugo, con 278.239 euros, un total de 39 actuacións, que favorecen a actividade agrogandeira e a vida en pequenas



■ Reunión da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo

localidades. Fíxoo en núcleos rurais de 7 concellos desta zona, aos que pertencen os colectivos veciñais que resultaron beneficiados das axudas do plan de impulso ao rural e ao sector primario. Estes municipios son os de Begonte, Castroverde, Friol, Guntín, Lugo, O Corgo, Portomarín e Rábade.

Zona Sur

Con 443.600 euros para un total de 60 actuacións que favorecen a actividade agrogandeira e a vida en pequenas localidades, a Deputación atenderá 11 núcleos rurais do Sur lugués, aos que

pertencen os colectivos veciñais beneficiados das axudas do plan de impulso ao sector primario e ao rural. Estes municipios son os de Bóveda, Carballo, Chantada, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao, Sober e Taboada.



■ Hotel Oca Spa Balneario de Pantón

Lugo Termal atendeu 5.600 maiores nos balnearios

Rematou a sexta edición do programa Lugo Termal, que ofrece a lucenses maiores de 55 anos descontos para tratamentos mineromedicinais nos catro balnearios da provincia. O presidente, Darío Campos Conde avanzou que “xa son 5.600 as persoas que accederon a estes tratamentos grazas aos descontos da Deputación, que ofreceu nas seis convocatorias desta programación. As últimas 528 fíxeronos nos últimos tres meses coa edición que vimos

de pechar. Ante este éxito, neste 2017 tamén haberá Lugo Termal”. Os 528 maiores de 55 anos que participaron na sexta edición accederon a tratamentos termiais con descontos de ata 40% con respecto ao prezo de mercado, que representan uns 60 euros menos no custo total, nos seguintes establecementos: Hotel Balneario Augas Santas, en Pantón, que acolleu a 235 persoas; o Río Pambre, en Palas de Rei, que recibiu a 44; Hotel Balneario en Guitiriz,

con 148; e Termas Romanas, en Lugo, con 101. Os paquetes con descontos e os participantes nos mesmos foron os seguintes: Con estancia, paquete que elixiron 461 persoas: foron 6 días con 5 noites de estancia, no que o día de entrada foi o domingo e o de saída o venres. Foron 5 pensións completas. Incluíu 8 técnicas de saúde, un recoñecemento médico á chegada, un programa de animación sociocultural de luns a xoves, asistencia

especializada e programas específicos para persoas con problemas de mobilidade ou incapacidade. Todo isto por un prezo máximo de 190 euros. Tamén se incluíu a posibilidade de prolongar a estadia no balneario tras rematar o paquete subvencionado pola Deputación, cun prezo especial, con desconto. Sen estancia, paquete que elixiron 67: ofreceu prazas ilimitadas con descontos do 30% para 20 técnicas terapéuticas durante 10 días.

Galicia

Redacción CORUÑA

A Coruña asina convenios con entidades deportivas para fomentar a igualdade e a inclusión social

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, asinou esta mañá convenios por valor de 250.000 euros con 26 entidades deportivas da cidade co obxectivo de financiar proxectos desenvolvidos polas mesmas que fomenten tanto a igualdade como a inclusión de colectivos da cidade que presentan distintas diversidades. Estas axudas, pertencentes á convocatoria Deporte Solidario, levado a cabo pola Fundación Emalcsa dentro do programa Coruña Accesible e Inclusiva, buscan premiar proxectos que se desenvolvan dende este mes de decembro até agosto de 2017 e que conxuguen actividade deportiva e acción social. “A Coruña é unha cidade eminentemente deportiva, pero cunha perspectiva que se basea nas institucións de base, aquelas que promoven os verdadeiros valores do deporte, como son a igualdade e a solidariedade”, destacou o rexedor, quen destacou o compromiso “que está a amosar este Goberno local co fomento do deporte feminino, así como coa accesibilidade á hora de desenvolver as



■ Xulio Ferreiro acompaña representantes das entidades deportivas asinantes

distintas disciplinas”.

Os proxectos financiados desenvolveranse en máis de 20 disciplinas deportivas distin-

tas, dende o rugby até a halterofilia pasando pola hípica, o remo, o triatlón, o tiro con arco ou os deportes de montaña entre ou-

tros. Así, as entidades sociais e deportivas beneficiarias son o Club de Halterofilia A Coruña, Club Escola de Tenis Marineda, Club Basquet Coruña, Club de Rugby de Arquitectura Técnica, Agrupación de Montañeiros Independentes, Hockey Club Liceo Coruña, Club Natación Coruña, Real Sociedade Deportiva Hípica, Sporting Club Casino, Club de Mar de San Amaro, Zalaeta 100tolos, Obra Atlética Recreativa da Cidade Vella, Club Viaxes Amarelle, Sociedade Deportiva As Xubias, Unión Veciñal do Ventorrillo, Victoria Club de Fútbol, Orzán SD, Grumico SD, Club Maristas, Club Instituto Zalaeta, 5 Coruña Fútbol Sala, Clun Balonmán Ártabro, Club Dobok Escola de Taekwondo, Asociación Deportiva e Cultura Alquimia e Club Torre SD.

Os proxectos que recibiron financiamento abranguen diversos aspectos como a educación en valores á mocidade a través da actividade deportiva, a participación de persoas con diversidade funcional en actividades adaptadas, a participación en actividades deportivas de persoas en situación de exclusión social, fomento da igualdade de xénero e desenvolvemento de accións solidarias.

O Concello reforzará a sensibilización ambiental

A concelleira de Medio Ambiente, María García, presentou este mércores as actividades municipais de educación e sensibilización ambiental para este ano, na véspera do Día Internacional da Educación Ambiental, unha programación que se organiza co obxectivo de expandir de forma progresiva as actividades a todos os sectores sociais, así como seguir incrementando e mellorando a oferta de actividades, continuación o camiño iniciado xa no 2015. “O Concello da Coruña ten un compromiso continuado coa educación ambiental, entendendo que é unha ferramenta que non é só de sensibilización da cidadanía e diálogo, para incitalla na co-responsabilidade e no patrimonio común, senón que vai máis alá, xa que é tamén unha ferramenta de empoderamento, e un xeito de facer á cidadanía consciente das súas capacidades e das súas posibilidades de influír nas políticas, tanto locais como a niveis superiores, estatal e mesmo global”, indicou a responsable municipal. “Entendemos que a educación ambiental debe promover unha información práctica, actualizada e útil para a veciñanza, á hora de mellorar, coidar e reclamar o coidado dese patrimonio ambiental”, dixo García, que destacou o interese do Concello porque a veciñanza coñeza todo os equipamentos de carácter ambiental cos que conta o municipio, así

como os poida visitar. “Para nós, estas actuacións entran dentro das políticas de transparencia. A xente debe e pode coñecer a Edar de Bens, o Centro de Protección animal, a planta de Nostián ou outras infraestruturas para poder opinar e facer as súas demandas e achegas. En temas ambientais, sobre todo, non se pode chegar a resultados positivos se non é coa implicación da cidadanía”, destacou.

En rolda de prensa, García destacou o aumento de actividades e programas educativos destinados tanto a escolares como á cidadanía en xeral. “Estamos chegando a novos públicos, durante o ano pasado realizamos actividades para estudantes que rozaron os 6.000 participantes, o que supón un 10,2% máis que no curso precedente, con actividades vinculadas ao cambio climático e outras liñas de acción prioritarias da nosa Concellería pero, ademais, realizamos moitas accións destinadas ao público en xeral, como as actividades nas praias, que superaron os 490 programas na época estival”, explicou, o que representa un incremento do 76% respecto ao ano precedente. Por outro lado, o programa de visitas guiadas e rutas de observación da natureza chegou no 2016 ás 80 visitas, fronte ás 25 do ano 2015. En canto ao programa de cursos, talleres e xornadas, foron 15 en 2015, e chegaron a 20 o ano seguinte.



A concelleira de Xustiza Social recolle achegas para articular o Consello Sectorial de Inclusión

A concelleira de Xustiza Social e Coidados, Silvia Cameán, mantivo o pasado 25 de xaneiro unha reunión coas entidades sociais da cidade co obxectivo de recoller as súas achegas e suxerencias ao borrador do proxecto de articulación do Consello Sectorial de Inclusión Social. O novo órgano, de carácter consultivo, está chamado, segundo explicou a edil “a ser un espazo para o asesoramento, información, debate e estudo, que ten como obxectivo facer achegas á

política de inclusión social municipal, mellorar o coñecemento da situación social da cidade e valorar a actividade e orzamentos vinculados a este ámbito de actuación”. A súa constitución está recollida na propia ordenanza reguladora da Renda Social Municipal, pioneira prestación de carácter municipal que busca a devolución da autonomía persoal aos colectivos máis vulnerables ou en situación de risco da cidade a través de axudas ligadas a itinerarios personalizados.

Panamá convidado na 18ª edición de Xantar

Panamá participará como país convidado na próxima edición de Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, que se celebrará en Expourense, entre o 1 e o 5 de febreiro de 2017, cunha caseta desde o que promocionará o destino turístico e dará a coñecer a súa oferta en distintos segmentos. A presenza de Panamá neste evento mundial ten o obxectivo de situarse como destino cosmopolita e sustentable, conxugando tradición e modernidade e espertar o interese dos europeos para que gocen dos seus atractivos. Panamá contará cun restaurante propio dentro do salón que estará liderado polo Club Gastronómico de Panamá, unha asociación sen ánimo de lucro que pretende ensinarlle á comunidade panameña e internacional as virtudes da arte da gastronomía. O prato nacional por excelencia é o sancocho de galiña de patio ou pito, unha especie de cocido realizado con ñame e culantro e é un prato que se toma moi quente. A delegación panameña que se despraza ata Xantar participará ademais nas accións profesionais da feira como os shooowcooking en directo, e as conferencias incluídas no 12º Encontro Internacional sobre Gastronomía Sustentable e Saudable. Ademais, organizaranse catas comentadas de produtos seleccionados. Panamá únese así á lista de países convidados en Xantar, reforzando o carácter internacional do salón e a súa vinculación con América Latina. Antes participaron como convidados Costa Rica, Cuba, Perú, Francia, Arxentina, Portugal e México. Esta participación materialízase a través da invitación realizada por esta feira internacional de Turismo Gastronómico, avalada polo Ministerio de Econo-



■ O presidente do Club Gastronómico de Panamá, Patrice Jaumon, coa directora do grupo de comunicación Excelencias Panamá, Raisa Zays e Alejandro Rubín director de Expourense na presentación de Xantar en Panamá

mía, Industria e Competitividade de España, á Autoridade de Turismo de Panamá.

Turismo de Panamá

A Autoridade de Turismo de Panamá é unha entidade dependente do Goberno da República de Panamá orientada a fomentar e diversificar as fontes de crecemento e desenvolvemento económico a través da xestión turística, co fin de brindar un servizo eficiente que garanta a competitividade e a sustentabilidade en ofertas de turismo nas diferentes rexións do país. Ademais, promove o desenvolvemento turístico sustentable en Panamá, mediante a formulación e regulación de políticas, estratexias e accións que estimulen o investimento turístico, garantindo a calidade da xestión, promocionando a participación comunitaria nas accións pro-

pias do sector. Dentro destas accións de promoción para o 2017, a ATP participará en 24 feiras internacionais: 6 eventos en Estados Unidos e Canadá, 9 en Centro e Sudamérica, 7 en Europa e 2 en Asia, entre as que se inclúe Xantar. Desde este organismo traballan para superar o número de visitas internacionais (máis de 1.800.000 entre xaneiro e setembro de 2016). España é o primeiro mercado europeo e o quinto país emisor de turistas a Panamá, detrás de Estados Unidos, Venezuela, Colombia e Brasil. O turismo representa unha das principais actividades do país. As áreas primordiais céntranse no turismo de negocios, praias e comercio. Revista New York Times colocou a Panamá como un dos mellores lugares do mundo para visitar, xa que o país vive un bo momento económico, logo de recuperar hai máis de 15 anos o control da Canle.

Panamá e Galicia

A elección deste país como convidado, para a edición na que Xantar cumpre a súa maioría de idade, contribuirá de novo a estreitar os lazos comerciais e afectivos entre Panamá e Galicia, unidos a través da emigración. No século XX, Panamá absorbeu a unha gran parte da diáspora galega que optou por poñer rumbo a esta República. O seu obxectivo: participar nas obras de construción dunha gran canle que enlazase o océano Pacífico co Atlántico e que na actualidade é unha das grandes obras de enxeñería a nivel mundial. Nos anos 60 e 70, preto do 40% dos veciños das parroquias de Albarellos e Feás, no concello ourensán de Boborás, emigraron cara a este país para participar nas obras da Canle e permaneceron despois dedicándose a outros sectores como a hotelería e o mobiliario. Na actualidade, os veciños de Boborás e os seus descendentes representan a comunidade máis numerosa de todas as españolas residentes no Istmo. Panamá é un pequeno país cunha longa historia que tamén se reflicte na súa mesa. É o resultado da influencia histórica polas culturas amerindia, hispana, africana, e afroantillana. Caracterízase polo alto consumo de arroz en diferentes formas e preparacións, así como as sopas, sendo o sancocho a máis popular. Outros ingredientes son o millo, plátanos, galiña, carnes, peixes e mariscos, cos que se preparan diversos pratos e frituras. As raíces e tubérculos teñen preponderancia na dieta do panameño, destacándose a yuca, o ñame, o ñampí, o oteo e en menor grao a papa.



Novas da Raia

Redacción NdEA

A Xunta busca un mercado de emprego máis accesible co Eures Galicia-Norte de Portugal

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral, Alfonso Marnotes, clausurou en Tui a xuntanza do Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral, Alfonso Marnotes, clausurou o pasado 13 de xaneiro en Tui a xuntanza do Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal no que se renovou a presidencia, onde puxo en valor o Servizo Eures Transfronteirizo, do que a Xunta é socio, como “peza clave” para acadar un mercado de emprego máis accesible.

Marnotes explicou que este servizo, entre outras vantaxes, favorece o intercambio de ofertas e demandas de emprego entre os traballadores da rexión transfronteiriza e salientou a importancia de incrementar a cooperación e labor que xa se está realizando entre as oficinas de emprego da Eurorexión para aumentar as oportunidades laborais das persoas sen emprego. Sinalou que, entre as actuacións que desenvolve o Servizo Eures, resaltan o intercambio de información sobre o mercado laboral de cada zona como é sobre prácticas profesionais e de aprendizaxe ou sobre as condicións de vida e de traballo e as oportunidades para a adquisición de competencias.

O responsable de Orientación resaltou que a Xunta, a través da Axenda 20 para o Emprego, traballa na modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para que sexa máis próximo as persoas usuarias, sexan demandantes de emprego, ou sexan empresas que buscan un traballador, e na elaboración dun plan



■ Xuntanza do Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal en Tui

de actuación para que os 485 orientadores laborais que hai en Galicia funcionen en rede, cun mesmo “modelo de servizo”. Para levar a cabo estas actuacións, investirá un total de 21,9 millóns de euros.

Neste último ámbito, sinalou a importancia de desenvolver un novo modelo de

orientación laboral aberta para personalizar e reforzar estes servizos apostando por un sistema de xestión de calidade e mellora continua e coa creación dun novo portal, máis orientado aos servizos.

Do que se trata, segundo sinalou Marnotes, é “de seguir traballando para incremen-

tar as oportunidades laborais dos galegos e galegas e avanzar nos obxectivos que compartimos entre Galicia e o Norte de Portugal”. “A meta do Goberno galego é mellorar o funcionamento do mercado laboral transfronteirizo para ofrecer novas e mellores oportunidades aos nosos traballadores”.

Aberta a inscrición nos cursos de lingua de signos e bixutería da Guarda

Dende a OMIX do Concello da Guarda, dependente da Concelaría de Xuventude, recórdase que continúa aberto o prazo para inscribirse nos dous primeiros cursos que realizarán este ano. Esta proposta de accións formativas e lúdicas para o comezo do 2017 conta con dous actividades que se levarán a cabo no mes de febreiro. O primeiro dos cursos ofertados é o de lingua de signos. Este é un curso que se repite debido á boa acollida da pasada edición. Impartirase os xoves de 19:30 a 21:30 horas, cun total

de 20 horas, e ten un prezo de 25 euros.

Ademais levarase a cabo un obradoiro de balde, dentro da corrente do faino ti mesmo/a, de bixutería de reciclaxe (elaboración de complementos orixinais, diferentes e renovados). Este obradoiro gratuíto terá lugar o venres 3 de febreiro de 19 a 21:30 horas e é necesario inscribirse previamente.

Toda a información e inscricións poderanse atopar e realizar na OMIX, a través do teléfono 986614546, no mail informacion@aguarda.es ou no perfil de Facebook.

Comeza o preparatorio das probas de ESO para adultos

O pasado mércores 25 de xaneiro iniciouse na Guarda o curso de educación para adultos de preparación das probas libres para obter o título de Graduado en E.S.O.

Un ano máis, como vén sendo habitual, o concello da Guarda organiza este curso, que sempre ten excelentes resultados e unha alta demanda. Para o curso deste ano inscribíronse un total de 36 persoas e o curso deu comezo con 30 persoas, quedando o resto en lista de espera. Entre os alumnos e alumnas participantes existe unha elevada porcentaxe de xente moi xove, de entre 17 a 21 anos. Non obstante, a maioría de asistentes, un 47% dos inscritos, pertence ao rango de idade que vai dos 21 aos 40 anos. Ademais, o curso conta con case paridade en canto a asistencia de homes e mulleres.

As clases do curso impartiranse en horario

de mañá de luns a xoves no Sinde Vello. A primeira convocatoria para realizar as probas libres da E.S.O. realizarase o vindeiro mes de maio, pero o curso desenvolverase ata o mes de setembro, cando os alumnos e alumnas terán unha nova oportunidade coa segunda convocatoria. Comeza así unha acción formativa que se leva a cabo na Guarda tódolos anos e que está financiada con fondos propios do concello, sendo de balde para os alumnos. Levar a cabo este curso supón un importante esforzo económico para o concello que, non obstante, ten tamén un alto beneficio. Trátase dunha gran oportunidade para que aquelas persoas que non conseguiron o graduado na ESO, ou aqueles que debido a súa idade xa están fora do ámbito escolar, podan preparar as probas para obter o certificado.

VILA NOVA DE CERVEIRA



Engenheiro João Lemos Costa dá nome a nova rua de Cerveira

No âmbito das comemorações dos 40 anos da implementação do Poder Local Democrático em Portugal, foi aprovada por unanimidade, em reunião de câmara desta quarta-feira, a atribuição do topónimo Eng.º João Lemos Costa, primeiro presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira eleito democraticamente pós 25 de Abril, ao novo acesso da Escola Básica e Secundária do concelho.

Considerando o impacto das primeiras eleições autárquicas no país, a autarquia cerveirense decidiu reconhecer o facto do Eng.º João Lemos Costa ter sido o primeiro presidente do Município, no pós 25 de Abril, cargo que desempenhou entre 1976 e 1982.

Assim, e após a conclusão das obras de beneficiação na envolvente da EB2,3/S de

Vila Nova de Cerveira, o executivo municipal apresentou uma proposta para atribuição de topónimo àquele acesso passando a designar-se de Rua Eng.º João Lemos Costa.

No documento apresentado pelo Presidente de Câmara, Fernando Nogueira, lê-se que o Eng.º João Lemos Costa “foi um dos mentores dos primeiros passos das Bienais de Arte, abraçando o conceito de descentralização cultural”, mas também assumiu relevância pelo “trabalho desenvolvido em prol do desenvolvimento do concelho e das suas gentes, nomeadamente na consolidação da eletrificação do concelho”.

Localizada entre as ruas da Pedra Vedra e a Rua das Cortes, a Rua Eng.º João Lemos Costa destaca-se por ficar à entrada da vila e pelo movimento associado, nomeadamente das novas gerações.

Dois Espaços de Cidadão com abertura prevista para 2017

A União de Freguesias de Campos e Vila Meã e a Freguesia de Covas vão acolher um Espaço de Cidadão a partir do 3º trimestre do corrente ano, de acordo com a recente publicação da Resolução do Conselho de Ministros em Diário da República. Autarquia congratula-se com novo interface de descentralização e interação Município / Administração Pública, que contribuirá para o contínuo desenvolvimento do concelho.

A instalação destes espaços únicos de atendimento ao público já tinha sido formalizada em abril de 2015, aquando da assinatura de um protocolo entre o Município e a Secretaria de Estado para a Modernização Administrativa, no período de execução do programa Portugal 2020, aguardando-se pela definição das condições agora estabelecidas.

Em Vila Nova de Cerveira foram aprovados dois Espaços de Cidadão localizados em pontos estratégicos, por um lado na Zona Industrial - Polo II pela maior concentração de pessoas com interesses diversificados e, por outro lado, na Freguesia de Covas pela distância à sede da vila.

O autarca cerveirense mostra-se satisfeito com a concretização deste projeto, que se traduz em benefícios de desburocratização, desmaterialização e oferta de um excelente serviço de proximidade aos munícipes cerveirenses, empresas instaladas e trabalhadores. Realçando a colaboração e o envolvimento das juntas de freguesia onde ficarão sediados estes serviços, Fernando Nogueira enaltece “a importância de uma administração pública mais ágil e mais próxima, procurando corresponder às necessidades das populações”.

O Espaço do Cidadão é um posto único de atendimento que reúne serviços de diferentes entidades, através de atendimento digital assistido. Ali são disponibilizados mais de 170 serviços, sendo possível tratar a Carta de Condução, solicitar nova senha ou caderneta predial junto da Autoridade Tributária, apresentar despesas junto da ADSE, tratar de assuntos relativos a emprego e formação profissional, alterar a morada do CC, solicitar o Cartão Europeu de Seguro de Doença, entre outros.

MONÇÃO



Afinal, Pedro Chagas não falhou nem perdeu

Autor de “Prometo Falhar” e “Prometo Perder”, proporcionou aos leitores monçanenses uma viagem pelos recantos que nos fazem felizes, pelos sentimentos que nos rasgam sorrisos e pelas emoções verdadeiras embaciadas pelo brilho dos olhos. Quem falhou e perdeu? Simples. Aqueles que não vieram.

O habitual encontro mensal com escritores, iniciativa promovida pelos serviços da Biblioteca Municipal de Monção, voltou a revelar-se uma aposta ganha. Na última sexta-feira, com a presença de Pedro Chagas Freitas, o átrio daquele espaço cultural foi pequeno para tanta gente.

Com discurso fluente e espontâneo, apontado no sentido realista e metafórico da vida, a nossa vida, o autor de “Prometo Falhar” passou por Monção na passada sexta-feira, mais uma vez, para apresentar duas publicações recentes da sua autoria: “Prometo Perder” e “Envelhenecer”.

Um encontro feliz. Nas duas direções. Para Pedro Chagas Freitas porque encontrou leitores interessados e conhecedores da sua obra literária. Para o público monçanense porque teve a oportunidade de ouvir e questionar um dos autores mais conhecidos da literatura nacional com forte presença na rede social.

O primeiro parágrafo da noite, que teve início às nove e meia e terminou perto da uma da manhã, foi escrito pelo vereador das atividades socioculturais, Paulo Esteves. Ao lado do escritor, aquele responsável traçou o “caminho pelas letras” de Pedro Chagas Freitas e enalteceu a sua

“capacidade invulgar” para atrair gente jovem para a leitura.

Agradeceu-lhe a presença em Monção e desejou-lhe sucesso. A resposta do escritor, natural da cidade berço da nacionalidade, como nós, do Alvarinho, foi uma noite a roçar o sortilégio da magia com uma abordagem serena e descomplexada de sentimentos e emoções, de desafios e esperanças, de sonhos e concretizações.

Com a plateia atenta e interventiva, falou do seu percurso profissional até chegar a escritor, do papel da arte, qualquer uma, nas nossas vidas, da importância de saber perder para depois ganhar, do renascer para outros projetos quando os primeiros faliram, da vontade em seguir em frente, mesmo com pedras no sapato.

Deixou uma ideia que ficou a ecoar na cabeça da gente: “Só quem ama verdadeiramente corre o risco de perder. Os outros apenas correm o risco de continuar perdidos”. E um conselho: “Não desistam à primeira derrota nem percam a capacidade de lutar ao primeiro impasse. Parar é fácil mas não é o mais correto. Continuem até encontrar o lado certo da vida”.

Ao contrário do título dos seus livros, Pedro Chagas Freitas não falhou nem perdeu. Pelo contrário. Proporcionou aos leitores uma viagem pelos recantos que nos fazem felizes, pelos sentimentos que nos rasgam sorrisos e pelas emoções verdadeiras embaciadas pelo brilho dos olhos. Então, quem falhou e perdeu? Simples. Aqueles que não vieram.

Miscelánea

Redacción NdEA

Consumo de Salceda tramita máis de cincuenta reclamacións polas Cláusulas Chan

O Servizo de Recepción de Reclamacións de Consumo do Concello de Salceda de Caselas (OMIC), dependente da Concellería de Consumo que dirixe Loli Castiñeira, atendeu neste comezo de ano 2017, a máis de medio cento de veciños/as, incluso de Concellos limítrofes, que se achegaron á OMIC para clarear dúbidas e iniciar trámites de reclamación ante os bancos para a devolución das denominadas "cláusulas chan" e os "gastos de constitución das distintas hipotecas".

A sentenza do Tribunal Europeo de Xustiza (do 21 de decembro de 2016) referida á anulación da retroactividade da sentenza do Tribunal Supremo de 9 de maio de 2013, obriga a toda a banca española a devolver o cobrado por ditas cláusulas dende o inicio do contrato hipotecario.

Por outra banda a sentenza do Tribunal Supremo 705/2015 de 23 de decembro, obriga a distribuír entre as dúas partes contratantes, os gastos atribuídos a constitución das hipotecas.

Ambas sentenzas están facendo que o Servizo de Consumo Municipal, se converta nun centro de información de referencia na contorna para buscar saídas ás distintas situacións individuais. Para que tódolos veciños teñan a información completa, a Concellaría de Consumo traballa na programación dunha charla que terá lugar proximamente na que se abordará todo o relativo ás Cláusulas Chan así como aos gastos de constitución das hipotecas. O ho-



■ Servizo de Recepción de Reclamacións de Consumo do Concello de Salceda de Caselas (OMIC)

rario de atención da OMIC ata o 28 de febreiro será os martes e xoves de 10:00 a 13:00 horas. O servizo de OMIC está ubicado na Casa da Cultura Castelao.

A OMIC recibiu ó longo do ano 2016 un total de 360 consultas relacionados con temas sobre garantías, dereitos dos consumidores, reparación de bens consumibles,

revogacións de contratos, etc...a súa tarefa nestes casos foi de información, mediación ou derivación ao IGC.

Á súa vez tramitou un total de 195 expedientes de reclamacións ao Instituto Galego de Consumo (IGC), para que este organismo dependente da Consellería de Economía e Industria decidise se os/as denunciados/as

ou reclamados/as se someterían a mediación previa, a Arbitrase de Consumo ou se resolverían mediante outro tipo de vía administrativa, como a derivación á Axencia de Turismo de Galicia, á Oficina de Atención ao Usuario de Telecomunicacións (do Ministerio de Industria), á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, etc. segundo o caso.



A ministra de Cultura do Sáhara visita A Coruña

O pasado 28 de xaneiro no Pazo de María Pita o alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, mantivo un encontro de carácter oficial coa ministra de Cultura da República Árabe Saharaí Democrática, Jadiya Hamdi, que estivo acompañada, entre outras persoas, polo delegado da Fronte Polisaria en Galicia, e por membros da entidade sen ánimo de lucro Solidariedade Galega co Pobo Saharaí.

Redacción VAL MIÑOR



Arranca o novo obradoiro de emprego de Gondomar

Obradoiro de Emprego “Valmiemprega Xove” inicia o seu programa de actividades en centros escolares do Val Miñor e atende a visitantes na Oficina municipal de turismo.

Valmiemprega Xove, Obradoiro de Emprego promovido polo Concello de Gondomar en colaboración cos municipios de Baiona e Nigrán, e que conta co cofinanciamento de Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo, inicia esta semana o seu programa de actividades en centros escolares do Val Miñor.

Este Obradoiro, no que se están a formar e a realizar prácticas en materia de promoción

turística local 15 mozos e mozas da comarca, desenvolverá nas próximas semanas actividades de sensibilización e promoción do patrimonio cultural e natural e dos recursos turísticos do Val Miñor a través de charlas e presentacións aos alumnos.

Ademais, o alumnado que cursa esta especialidade atenderá ata finais de marzo as visitas e consultas que se dirixan á concellería e á Oficina municipal de turismo de Gondomar, ubicada nos locais do Centro de Desenvolvemento Local de Gondomar e aberta en horario de 10 a 14 horas, de luns a venres.

2017: ano do Conde de Gondomar

O pleno da corporación municipal cos votos a favor de todos os grupos, a excepción de Gondomar Concello Aberto que se abstuvo, declarou o 2017 como Ano do Conde de Gondomar coincidindo co 400 anos do seu nomeamento como primeiro Conde de Gondomar por Felipe III e o 450 do seu nacemento.

Para o goberno municipal o Conde de Gondomar Don Diego Sarmiento e Acuña é un dos personaxes mais relevantes do Val Miñor. Ostentando cargos como o de capitán de Baiona, pola súa defensa da costa atlántica nas numerosas contendas contra Francis Drake; por impedir en reiteradas ocasións a conquista da baía de Baiona ou Illas Cies e a salvagarda da cidade de A Coruña.

Así mesmo Don Diego foi embaixador en Londres durante o reinado de Jacobo I, sendo gran impulsor de pactos políticos entre a coroa española e Inglaterra; e un dos máis recoñecidos políticos e diplomáticos da época. Poseía Don Diego unha das bibliotecas máis importantes do reino de España con máis de 15 mil exemplares no seu haber, donada na súa maioría a Biblio-

teca do Palacio Real polos seus herdeiros. Actualmente figura como correxidor perpetuo de Valladolid e de Toro. Encuéntrase sepultado na cripta de San Benito el Viejo, en Valladolid.

Con motivo da declaración do Ano do Conde de Gondomar o Concello de Gondomar levará a cabo numerosos actos de recoñecemento institucional. Entre eles, un gran acto no mes de xuño onde se espera contar coa presenza do presidente da Xunta, da presidenta da Deputación de Pontevedra, e dos alcaldes do Val Miñor, Valladolid e Toro así como representantes do Ministerio de Cultura e da Casa Real.

Ademais levaranse a cabo un ciclo de conferencias en torno a traxectoria do Conde, a súa labor diplomática, de escritor e de defensor de idioma galego e de Galicia, así como a faceta musical coas partituras que lle acompañaron nos seus viaxes.

Para conmemorar esta celebración o Concello de Gondomar colocará na súa documentación oficial, o grabado do Conde que actualmente encóntrase custodiado na Biblioteca Nacional de Madrid.

Redacción BAIXO MIÑO



■ O galardoado, Manel Riveiro, posa co título obtido

Medalla de ouro ao mérito profesional para o vicepresidente de ADETO

O 23 de xaneiro o vicepresidente da Asociación de Autónomos de Comercio, Hostelería, Industria e de Centros Comerciais Abertos de Tomiño (ADETO), Manel Riveiro, achegouse ata a nosa sede para compartir con David Vila, Presidente de Adeto, e con todos os socios o galardón outorgado por foro Europa 2001 en Mérito ó Traballo.

O Foro Europa 2001 é unha entidade de debate sobre Europa e ten por finalidade crear encontros para o intercambio e divulgación de ideas e coñecementos entre dirixentes da vida empresarial, cultural e política. A entidade otorgou a Manel Riveiro a medalla de ouro ó mérito profesional, distinción que se concede a profesionais e personalidades de distintas institucións en recoñecemento ao seu prestixio profesional, configurándose como un galardón que se outorga en base a criterios obxectivos de profesionalidade, constancia e excelencia.

A cerimonia de entrega do premio celebrouse o pasado 20 de xaneiro no The Westin Palace, de Madrid, onde Manel recolleu persoalmente o premio da man do Presidente do Foro D. José Luis Salaverría.

Manel Riveiro, Perruqueiro de profesión, empresario por accidente e formador por vocación, é un destacado no seu ámbito, considerado por profesionais de España, Portugal e Italia como un referente da última década. Perruqueiro dende 1990 e Emprendedor dende 1995, destaca na última década pola súa labor no seu salón e pola incesante formación que imparte en todo o sur de Europa.

"Este premio quero dedicalo a todos e cada un dos pequenos e medianos comercios, e especialmente ás perruquerías, pola súa loita constante para progresar en esta época voraz das grandes superficies, isto demostra que con traballo e esforzo os pequenos tamén podemos estar ahí arriba", nos comenta Manel.

Miscelánea

Redacción OURENSE

Expourense ofrece un gran centro comercial coa súa nova Mostra da Oportunidade

Mostra da Oportunidade chega a súa 24ª edición ofrecendo os mellores prezos e vantaxes en milleiros de artigos que converterán a Expourense, entre o venres 3 e o domingo 5 de marzo, nun gran centro comercial que servirá para poñer o punto final ao período de rebaixas da tempada. O comercio é un dos principais motores económicos e sociais da provincia de Ourense e citas como a Mostra contribúen a dinamizar as vendas e a captar novos clientes fora da súa área de influencia habitual. A Mostra é unha cita moi consolidada que conta cun alto índice de fidelidade tanto por parte do expositor como por parte do público. Expourense, en colaboración co asociacionismo, porá en marcha esta edición cunha acción especial que promoverá a participación agrupada das empresas. Agárdase que de novo a Mostra da Oportunidade, feira decana destas características en Galicia, conte coa participación dos centros co-



■ Edición de 2015 da Mostra da Oportunidade

merciais da provincia de Ourense que ven unha excelente ocasión para a liquidación dos seus stocks e para dinamizar as rebaixas de inverno. Os establecementos asociados que pechen a súa participación nesta cita contarán cun espazo en feira para ofrecer os seus produtos (têxtil, decoración, alimentación...) a prezos vantaxosos para os milleiros de visitantes que sempre recibe a Mostra da Oportunidade. As empresas interesadas en participar poden solicitar máis información en www.expourense.org ou chamando ao 988 36 60 30. O público que acuda á Mostra terá a opción de, nunha mesma visita, con comodidade e sen apenas desprazarse, elixir entre moitas propostas de produtos a prezos especiais e, ademais, atopar artigos que non sempre están presentes nas canles habituais de venda. Para facer máis cómoda a visita, o salón conta cun amplo horario desde as 11 da mañá ás 9 da noite, é dicir, dez horas ininterrompidas os tres días de feira.

Redacción SANTIAGO

Luís Villares: "O financiamento autonómico debe ser un debate máis político que técnico"

O portavoz do grupo parlamentario de En Marea Luís Villares valorou esta mañá a oferta recibida onte por parte da Xunta para pactar un economista experto de consenso que dirixa o posicionamento de Galicia en materia de financiamento económico na Conferencia de Presidentes. "Dado que deron a coñecer o nome proposto, Santiago Lago Peñas, queremos sinalar que non temos ningunha dúbida da súa solvencia, da súa capacidade, parécenos un dos maiores expertos en materia de financiamento tanto a nivel galego como estatal, pero tal e como avanzamos no pasado pleno non consideramos que haxa que pactar unha persoa concreta, porque esta non é unha cuestión técnica, ten carácter político", apelou Villares.

En Marea fíxolle a oferta ao Conselleiro de Economía e Facenda de sentarse a falar sobre as bases do novo modelo de financiamento autonómico "e unha vez adoptada esa decisión política os mellores expertos farán a proposta técnica derivada desa decisión política". Villares lembrou en declaracións a medios cales son as prioridades de En Marea nese sentido: "Apelamos a un modelo confederal baseado na sobera-



nía fiscal, nun maior poder financeiro para o noso país, non soamente para facer efectivo o custe consecuencia de

ser unha verdadeira autonomía do benestar, senón tamén para poder practicar unha verdadeira política pública de

carácter económica e reverter os problemas do país decidida dende a economía baseada na cooperación entre as comunidades autónomas pero en relación de iguais. E hai que establecer uns mínimos de ingresos que entendemos que é o problema que ten o noso país en materia de financiamento. Dentro deste marco estaremos dispostos a chegar a un acordo coas demais forzas políticas".

Apoio a Marea Atlántica

Na súa intervención, Luís Villares tamén quixo enviar unha mensaxe de apoio ao goberno municipal da Coruña, perante a moción de confianza que veñen de anunciar. "Respaldamos totalmente a posición de Marea Atlántica pois nun proceso de negociación non se poden dar situacións que dean lugar a unha perda de confianza e separarse dos termos do acordo", sinalou Villares e engadiu que confía en que se chegue á mellor solución para todos os coruñeses e coruñesas.

"A Marea Atlántica garantirá a gobernabilidade da cidade e dotar á Coruña duns orzamentos nun tempo razoable para facer as políticas sociais que a xente necesita", concluíu Villares.

LVII FeSTa Da LamPReA

28, 29 e 30 de Abril do 2017



Concorren quinze propostas para o cartel da Festa da Lamprea de Arbo

O alcalde Horacio Gil, mostra a súa satisfacción polo alcance, a categoría e a participación acadada nesta edición do concurso "LVII Festa da Lamprea", donde os autores mostraron habilidades diferentes, un talento, unha creatividade e un coñecemento absoluto sobre a nosa Vila e a Raiña Lamprea.

15 foron as propostas que chegaron o Concello de Arbo de distintas partes da xeografía española, como Murcia, Castellón, As Palmas ou Tenerife, para formar parte no concurso de carteis da "LVII Festa da Lamprea": Categoría Libre, para deseñar o cartel para "LVII Festa da Lamprea" promovendo así a principal festa gastronómica do Municipio que terá lugar os días 28, 29 e 30 de abril do ano 2017.

Os debuxos avaliados por un xurado composto por membros de distintos sectores do noso concello, non o tiveron fácil dado que os bocetos, todos eles co tema principal a Lamprea, presentaban unha enorme destreza.

Miscelánea

Redacción LUGO

Recibidos 40 carteis para a XXXVII Feira do Viño de Amandi

O Concello de Sober agradece a alta participación no concurso do que sairá o cartel que anuncie a XXXVII Feira do Viño de Amandi. Este ano o Goberno local recibiu 40 carteis dentro de prazo, un número superior aos que participaron no certame do pasado ano. O alcalde, Luis Fernández Guitián, amosouse moi satisfeito deste incremento na participación e salientou "que ano tras ano este concurso faise máis concorrido". O xurado reunirase a principio de febreiro e o traballo gañador farase público a principios do mes de marzo, coa presentación do Mes do Amandi. A XXXVII Feira do Viño de Amandi deste ano terá lugar os días 8 e 9 de abril. Guitián, subliña que este concurso "ten xa carácter nacional, pois recibimos carteis de Vigo, A Coruña,



■ Inauguración da edición de 2016 de Feira do Viño en Sober

Pontevedra, Viveiro, Castro Caldelas e de outras provincias e comunidades como Asturias, Palencia, Murcia, Vitoria e As Palmas. Aínda así, o alcalde apunta que a maioría dos exemplares foron presentados no propio Concello, polo que son de xente da propia comarca. "Tivemos varios exemplares de Monforte, Chantada e Bóveda, entre outros, así como de Sober", indica o rexedor. O gañador deste certame farase cun premio en metálico de 600 euros. Os deseños debían reflectir, tal e como recollían as bases, o espírito da Feira do Viño de Amandi facendo especial fincapé no sector vitivinícola e no patrimonio e cultura da localidade. O deseño gañador será empregado como cartel anunciador da XXXVII Feira do Viño de Amandi, así como nos programas de man.



Ribeira Sacra en Fitur

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra presentou en FITUR a campaña "Move ficha pola Ribeira Sacra". Luis Fernández Guitián, presidente do organismo intermunicipal, fixo fincapé en tres dos proxectos que máis gustaron na Axencia de Turismo de Galicia nos convenios asinados en 2016. "Con esta iniciativa pretendemos atender un sector concreto, que é o dos escolares. Iniciaremos a nosa ruta polos centros de Educación Primaria que se distribúen en Ribeira Sacra e avanzaremos máis tarde polo resto da Comunidade Autónoma" dixo Luís Fernández

Guitián. "Move ficha pola Ribeira Sacra" consiste en dedicar unha xornada matutina no colexio para coñecer máis sobre o territorio no que vivimos. Os monitores do CTRS farán unha presentación explicativa (con apoio dunha presentación visual) das principais características e valores da zona, para logo traballar cos mesmos contidos dunha maneira lúdica, cun xogo de mesa especialmente creado para esta actividade. A partir de aí, un concurso de murais levará aos centros gañadores a facer turismo, a gozar de excursións polo destino," afirmou o presidente.





■ Alberto Lema, terceiro na foto, é concelleiro de Emprego e Economía Social na Coruña

A Coruña en Madrid Fusión

O concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema, participa na xornada deste martes no encontro gastronómico Madrid Fusión, no que A Coruña acode como cidade integrante da plataforma Saborea España, que promociona distintos destinos gastronómicos do Estado. Como salienta o responsable municipal, tamén presidente do Consorcio de Turismo, A Coruña participa neste evento xunto con outros dez enclaves a nivel estatal, como son Cambrils, Ciudad Real, Denia, Lanzarote, Logroño, Salamanca, Segovia, Sevilla, Tenerife e Valladolid, a través do stand Saborea A Coruña, que servirá para dar a

coñecer algúns dos principais eventos gastronómicos da cidade para este 2017, como o Fórum Gastronómico e o Forum Cidade, as xornadas Lacónicas, de exaltación do lacón con grelos, o festival do bocadillo gourmet Boucatise ou o concurso de tapas Picadillo. “Como xa indicamos en Fitur a pasada semana, o potencial da Coruña como destino gastronómico é moi importante, téndose convertido este nun reclamo de gran atractivo nos últimos tempos. A acollida da oferta da cidade neste evento dá mostra do mesmo”, indicou Lema, que estivo acompañado de varios chefs da cidade, integrantes do colectivo Coruña Cociña.

Galiza Nova considera especulativa a venda do vello hospital de Santiago

Dende Galiza Nova, organización xuvenil do BNG, queremos denunciar a dinámica especulativa de abandono e privatización de bens públicos que se está a exemplificar co que está a acontecer co antigo “Hospital General de Galicia”, que despois de máis de 10 anos de abandono está a piques de ser vendido pola USC a inmobiliaria Asteriscos Real Estates por preto de 7,2 millóns de euros.

Deste xeito e tras a posta en marcha dun proceso de modificación do PXOM que ampliará o uso socio-sanitario que lle estaba permitido á parcela, permitindo agora que o edificio se destine no seu 50% a usos comerciais e hostalei-

ros, o antigo hospital de Galeras pasa a mans dunha empresa privada. A USC e a Xunta, xunto con Concello de Santiago, desbotan finalmente a posibilidade de rehabilitar o inmovible para darlle un uso socio-comunitario. En lugar dunha nova residencia estudantil pública ou un centro de atención á terceira idade, a cidade de Compostela contará cunha nova superficie comercial froito dun caso máis de salvaxe especulación urbanística.

Ademais creemos que a aprobación definitiva deste proxecto non se debe facer efectiva sen un estudo serio de mobilidade da zona e demandamos que se teñan en conta as necesidades da cidadanía.



Desángrase o sector lácteo e a Xunta vende fume

Para Compromiso por Galicia queda máis que acreditada a incapacidade da conselleira do Medio Rural, que é unha cómplice silenciosa dun Ministerio incompetente e insensible con Galicia.

A situación do sector lácteo galego é traumática, e mentras a Xunta de Galicia nos inunda de titulares e anuncios, as explotacións seguen pechando, sen contar con outras que non poden facelo polas altas débedas acumuladas.

Medio milleiro de explotacións pechadas no último ano en Galicia. O 60% do conxunto do estado. Non é algo novo por-

que desde que governa Feijóo xa van máis de 5.000 explotacións que desapareceron. Despois de tantas promesas e proxectos, os produtores galegos continúan sendo os que menos cobran polo leite.

O acordo lácteo segue sen cumprirse. Segue habendo imposición de prezos e unha posición dominante da industria á hora de asinar contratos. O broche a ineficacia da Consellería do Medio Rural son os plans de mellora que non foron aprobados ou o atraso no cobro das axudas da PAC.

A administración opta pola inacción para que un dos motores do campo siga apagándose. Día a día. Explotación a explotación.

25 premios na campaña de Nadal do Morrazo

Os premios da campaña que leva por nome “O Morrazo enche o teu Nadal” organizada por FECIMO e posta en marcha entre os seus asociados de Bueu, Cangas e Moaña, leva repartidos xa 25 premios directos, 23 deles foron de 50€ e 2 de 100€.

Como sempre, estes premios son moi repartidos, saíndo 4 en Bueu, 10 en Cangas e 11 en Moaña. Os agraciados recolleron xa os seus cheques-compra nas oficinas de FECIMO en Cangas, acudindo co boleto premiado e o seu documento de identidade, para comprobar os datos introducidos na web.

Agora teñen ata o día 11 de febreiro para canxealos exclusivamente nas empresas participantes na campaña, que

son un total de 167 establecementos de diversos sectores (comercio, hostalaría, saúde e beleza, estacións de servizo, etc.) onde mercar ou contratar o servizo que desexen.

Restan aínda por saír 26 premios directos, así que os veciños poden continuar a obter códigos de participación coas súas compras.

Preto de 2800 clientes probaron sorte rexistrando as súas participacións na páxina web: www.compranomorrazo.com. Este ano disparouse a participación mediante dispositivos móbiles e tabletas, superando case por duplicado a participación dende ordenador de sobremesa, e confirmando a comodidade do sistema de participación e a súa inmediatez.



Xosé Lois 'O Carrabouxo' en Ponteareas

Participou o 26 de xaneiro nunha conferencia sobre a relación entre o humor galego e Castelao

Xosé Lois González Vázquez, alcumado O Carrabouxo, nado en Ourense en 1949, é un coñecido e recoñecido humorista gráfico.

Coas viñetas do Carrabouxo, personaxe que creou en 1982 e que comparte o pseudónimo do autor, ten colaborado

con regularidade nos xornais La Región de Ourense e Atlántico Diario de Vigo e tamén na revista Tempos Novos, o semanario A Nosa Terra e A Peneira (suplemento O Farelo).

Participou en diversas publicacións colectivas, entre estas: Humor gráfico

galego, Os humoristas e a lingua ou Humor y tolerancia, e tamén nas publicacións da Bienal da caricatura de Ourense e na mostra internacional portuguesa Humorgrafe.

O Carrabouxo, mediante xogos de palabras e dobres sentidos achéganos día a

día una visión retranqueira e reflexiva da realidade social na que nos atopamos.

No ano 2008 recibiu a Medalla Castelao polo seu bo facer no ámbito do humor gráfico. Pasou polo Auditorio Municipal de Ponteareas e falou da relación entre o humor galego e Castelao.

■ Félix Ronda



■ Félix Ronda



■ Félix Ronda

